



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 25 de maio de 2023 (1451/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(376).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 15 maio e ordinaria do 19 de maio de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(377).- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA CONCELEIRA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 601/1102.**

Dáse conta da proposta de data 16/05/2023, asinada pola secretria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

A Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dispón no seu artigo 4.2 que corresponderá aos responsables de operación iniciar o procedemento de análise ex ante de risco de conflito de interese, con carácter previo á valoración das ofertas ou solicitudes en cada procedemento, nos termos definidos nesta orde. Conforme dito artigo “ *Considérase responsable da operación ao órgano de contratación ou ao órgano competente para a concesión da subvención. No caso dos órganos colexiados que realicen as funcións anteriores, a súa representación rexerese polo artigo 19 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.* “

O artigo 19 Lei 40/2015 regula especificamente o réxime dos órganos colexiados da AGE e Entidades dependentes desta, polo que non resulta de aplicación aos órganos colexiados das Entidades que integran a Administración Local (disposición vixésimo primeira). Nos municipios de gran poboación resulta de aplicación aplica o Título X Lei 7/1985, 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL), o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto en DA 2ª.11 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

E por isto que por razóns de eficacia na xestión administrativa, e sen prexuízo das delegacións que en materia da contratación acordou a Xunta de Goberno en data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021,10.03.2022 , 8.09.2022 e 2.02.2023, proponse á Xunta de Goberno Local ao abeiro do artigo 127.2 da LRBRL a adopción do seguinte acordo

**Primeiro.-** Delegar na Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal a competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

**Terceiro.-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**Cuarto.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**Quinto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **3(378).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “AXUDAS MUNICIPÁIS Á CONTRATACIÓN 2023”. EXPTE. 19959/77.**

Visto o informe de fiscalización do 16/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Económico, pola concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. Obxecto:**

A Concellería de Cultura e Emprego pon en marcha a presente convocatoria de **Axudas Municipais á Contratación 2023**, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras empadroadas no Concello de Vigo sexan desempregadas ou non, favorecendo a súa inserción laboral ou a súa estabilidade no emprego, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

#### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

A persoa solicitante poderá optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

**A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos;** como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

**B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas;** nesta modalidade, as axudas dirixiranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou ante o Servizo Público de Emprego (SPEG).

**C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral;** beneficiarase desta axuda á solicitante que no período comprendido entre o 16 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 mellore as condicións do contrato formalizado coa persoa traballadora pola que solicita a axuda por medio do incremento da xornada laboral, pasando de tempo parcial á xornada completa; ou ben, no caso de contrato fixo discontinuo por medio do incremento a un mínimo de 9 meses a xornada completa

### IV. Finalidade:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade, así como, mellorar as condicións laborais da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo á experiencia da Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, defínense os seguintes colectivos de atención prioritaria e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, persoas trans e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico,



## Concello de Vigo

ademais de ter presentes outros criterios, segundo o programa solicitado, como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario da Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Asemade, nesta convocatoria mantense o incentivo ás empresas que reúnan as características de micropeme.

### V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

### VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Incorporárase o Programa Mellora que contribúe á mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do municipio de Vigo cuxas características se reflicten na *base 4ª. apartado c.1.*

- Coa finalidade de evitar a reiteración de contido, nesta convocatoria se procede á presentación xenérica dos apartados seguintes:

CONVOCATORIA 2022	CONVOCATORIA 2023
Base 2ª, a.1 e b.1	Base 2ª. Beneficiarias
Base 2ª, a.2 e b.2	Base 3ª. Requisitos Xerais
Base 2ª, a.4 e b.4	Base 5ª. Obrigas
Base 2ª, a.5 e b.5	Base 6ª. Prazo de presentación de solicitudes
Base 2ª, a.4 e b.4, a.5 e b.5 e a.6 e b.6 e Base 4ª	Base 8ª. Procedemento de concesión das axudas, órganos competentes para a instrución e resolución e criterios obxectivos de adxudicación.
Base 2ª, a.6 e b.6	Base 9ª. Prazo e forma de xustificación da subvención
Base 2ª, a.7 e b.7	Base 10ª. Alteración das condicións de concesión

Na *base 3ª. Requisitos Xerais* se incorpora o requisito a.2.1 que o centro de traballo sexa no termo municipal de Vigo.

Na *Base 4ª* o período obxecto de subvención, en todos os programas, pasa a ter carácter de continuidade respecto á convocatoria que lle precede polo que se inicia desde ó 16 de xullo de 2022 e implica que se anticipe a data de inscrición no padrón municipal.

Na *base 4ª. apartado a.1* se elimina a obriga de que o contrato inicial previo á transformación a indefinido teña unha duración "*efectiva acreditada de 3 meses ou máis de duración*", xa que se

pretende unha maior estabilidade no emprego independentemente da modalidade e duración do contrato inicial.

Nesta base volve a incorporar o parágrafo que se omitiu na convocatoria anterior relativo a que a transformación do contrato temporal en indefinido sucederá “...sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.”

Na base 4ª. apartado a.2, b.2 e c.2 para o incremento da contía da axuda se incorporan como colectivos ás persoas con discapacidade e as persoas trans e especificase a súa forma de acreditación. Asemade, nos apartados a.2, b.2 e c.2 se concretan os colectivos que, de xeito excepcional e xustificación previa, poderanse subvencionar cunha xornada laboral de menor duración.

Na base 4ª. apartado a.3.2, b.3.2 e c.3.2, de ser o caso, se especifica a necesidade de presentar documento acreditativo de autorización de representación e, de ser o caso, se require a información necesaria para o cálculo da contía da axuda no caso de formalizar un contrato fixo discontinuo.

Na base 4ª apartado b.1. se require que o contrato formalizado inicial sexa indefinido, así como que no proceso de selección de candidaturas poderá presentar a súa oferta a unha ou a ambas administracións (Concello de Vigo e SPEG).

Elimínase a condición de que as empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) reiniciaran a súa actividade empresarial e incorporado á totalidade do persoal afectado coa xornada laboral preexistente, xa que aínda que esta opción perdura, está vinculado á crise orixinada polo COVID-2019.

Se engade o último parágrafo relativo a persoas traballadoras con contratacións anteriores na empresa solicitante, coincidente coa exclusión referida na base 7ª.

- Na base 4ª apartado b.2. o incremento da axuda por colectivo pasa a ser acumulativo.

- Na base 4ª apartado b.3.2. se unifica a solicitude do Anexo IV e da Ficha de oferta de emprego do SPEG ao ser posible presentar unha ou ambas ofertas.

- Na base 5ª, apartados a.4.3 e a.4.5 se adapta o seu contido conforme a nova estrutura destas bases reguladoras e convocatoria.

- Na base 5ª, apartado 5.9 se actualiza a data para manter exposto o cartel informativo da subvención.

- Na Base 7ª Exclusiones e incompatibilidades se incorpora a exclusión referida a persoas traballadoras polas que se solicita axuda ao formalizar contrato indefinido inicial e xa prestaran o seu servizo con anterioridade.

Tamén se incorpora que a solicitude destes programas de axudas son compatibles entre sí sempre que non se soliciten para a mesma persoa traballadora.

- Na Base 10ª. Alteración das condicións de concesión se completa a documentación solicitada relativa á persoa traballadora substituta e se incorpora a forma de proceder para aqueles casos nos que se produza a suspensión da relación laboral da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda.



## Concello de Vigo

A Base 15ª. *Contía Total e Crédito Orzamentario* modifica a súa denominación e se corresponde coa Base 10ª. *Disposición final* da convocatoria anterior. Nesta base se engade o último parágrafo relativo á posibilidade de ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria.

O *Anexo I* e o *Anexo V* actualízanse de conformidade con estas bases reguladoras e convocatoria.

En xeral, adaptouse o contido para resultar menos reiterativo e realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

### VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2023 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2023 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de 150.000,00€ (cento cincuenta mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos** cunha contía de 70.000,00€ (setenta mil euros) .

**B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida** cunha contía de 40.000,00€ (corenta mil euros).

**C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral** cunha contía de 40.000,00€ (corenta mil euros)

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegarase as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

#### **IX. Publicidade:**

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas Municipais á Contratación” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

#### **X. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

#### **XI. Órgano competente:**





## Concello de Vigo

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na data do 06/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe total de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2023, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2023 BASES REGULADORAS**

### **ÍNDICE**

#### **BASE 1ª. OBXECTO**

**BASE 2ª. BENEFICIARIAS**

**BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS**

**BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS**

**A. PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS**

- a.1. Características e requisitos específicos
- a.2. Tipos e contías da axuda
- a.3. Solicitude e documentación

**B. PROGRAMA CONTRATACIÓN: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS**

- b.1. Características e requisitos específicos
- b.2. Tipos e contías da axuda
- b.3. Solicitude e documentación

**C. PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL**

- c.1. Características e requisitos específicos
- c.2. Tipos e contías da axuda
- c.3. Solicitude e documentación

**BASE 5ª. OBRIGAS**

**BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

**BASE 7ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES**

**BASE 8ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN**

**BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

**BASE 10ª ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN**

**BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

**BASE 12ª. PUBLICIDADE**

**BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

**BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

**BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

**BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL**

**ANEXOS**

**ANEXO I. SOLICITUDE**

**ANEXO II. CONSULTA DO PADRÓN MUNICIPAL**



## Concello de Vigo

### ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INFORMACIÓN DA CONDICIÓ DE MICROPEME

### ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO

### ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (P. CONTRATACIÓNS)

### ANEXO VI. INFORMACIÓ Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓ CONCEDIDA

#### AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓ 2023

#### BASES REGULADORAS

##### BASE 1ª. OBXECTO

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓ" no marco da actuaci3n municipal para o ano 2023, ten por obxecto servir de est3mulo ao empresariado para a contrataci3n, favorecer a mellora das condici3ns e o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, outorgando especial atenci3n 3s persoas traballadoras m3is vulnerables no mercado laboral, a trav3s dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformaci3n de contratos temporais en indefinidos
- B) Programa Contrataci3ns: incentivos para a contrataci3n indefinida de persoas traballadoras desempregadas
- C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral

##### BASE 2ª. BENEFICIARIAS

Poder3n concorrer a esta convocatoria p3blica as persoas f3sicas (aut3nomos/as) e empresas privadas, con independencia da s3a forma xur3dica, as comunidades de bens, sociedades civ3s, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no r3xime especial de aut3nomos ou en calquera outro r3xime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional que re3nan os requisitos e obrigas da convocatoria.

Non poder3n solicitar estas axudas as entidades sen 3nimo de lucro nin as persoas f3sicas distintas do disposto no par3grafo anterior.

##### BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS

Para solicitar a subvenci3n e obter a condici3n de beneficiaria da axuda se reunir3n os seguintes requisitos:

- 3.1. Que o centro de traballo da persoa traballadora pola que se solicita a axuda estea no termo municipal de Vigo.
- 3.2. Acreditar que a persoa traballadora estea empadroada no municipio de Vigo alo menos desde o 1 de xaneiro de 2022.
- 3.3. As condici3ns para o incremento da cont3a da axuda segundo o colectivo no que se encadre a persoa traballadora concorrer3 no momento do inicio da relaci3n laboral, da transformaci3n do

contrato temporal en indefinido ou da mellora das condicións do contrato, segundo o programa de axudas solicitado.

3.4. No poderán obter a condición de beneficiaria as persoas ou entidades, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

3.5 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

3.6. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. A persoa interesada poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que se reflectirá no Anexo I. Noutro caso, xuntará a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

A solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

3.7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

## **BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS**

### **A) PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS**

#### **a.1. Características e requisitos específicos**

- Comprende a **transformación a indefinido** no período comprendido **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

- O contrato indefinido terá unha xornada laboral superior ou igual ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación, así como será igual ou superior ao do contrato temporal do que deriva.



## Concello de Vigo

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no municipio de Vigo alo menos desde o 1 de xaneiro de 2022 e prestará servizos no mesmo.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base 4ª, apartado a.2. Tipos e contías da axuda.*

### a.2. Tipos e contías da axuda

<b>TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO</b>	<b>CONTÍA</b>
Persoa traballadora empadroada en Vigo <sup>1</sup>	2.000,00 €
<b>INCREMENTO POR COLECTIVO<sup>2</sup></b>	<b>CONTÍA</b>
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos <sup>3</sup>	300,00 €
• Persoa con discapacidade <sup>4</sup>	300,00 €
• Persoa trans <sup>5</sup>	300,00 €
• Muller	300,00 €
• Vítima de violencia de xénero <sup>6</sup>	300,00 €
<b>Importe Máximo Total</b>	<b>3.500,00 €</b>

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, alo menos desde o 01/01/2022.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

(4) Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

(5) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

(6) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Ás **persoas emprendedoras autónomas e micropemes (\*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** sobre o total da contía da axuda resultante que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

<b>DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE</b>	<b>CONTÍA</b>
Persoa emprendedora autónoma e micropeme <sup>7</sup>	500,00 €

<sup>(7)</sup> Empresa cun persoal inferior a 10 traballadores e un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden á transformación a contratos indefinidos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación. Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

### **a.3. Solicitude e documentación**

#### **a.3.1. Solicitude**

**Os solicitantes obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria achegarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

#### **a.3.2. Documentación**

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

##### Documentación relativa á empresa:

a) **Anexo I. Solicitude:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que deberán indicar para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) **As persoas xurídicas** achegarán **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.



## Concello de Vigo

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante o pola persoa autorizada.

d) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f) Copia dos **contratos de traballo** (inicial, prórrogas, e transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrados no Servizo Público de Emprego.

Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

g) **Documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora **a algún dos colectivos especificados na base a.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

h) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta **base a.5**, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido,

arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

## **B) PROGRAMA CONTRATACIÓNS: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS**

### **b.1. Características e requisitos específicos**

- Comprende a a contratación indefinida, no período comprendido **entre ó 16 de xullo de 2022 e ó 30 de xuño de 2023**, de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo.

- O contrato suscrito terá unha xornada laboral superior ou igual ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda resultará seleccionada entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o Servizo Público de Emprego de Galicia para o que previamente se remitirá a correspondente oferta de emprego. No caso de falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar inscrita no Servizo Público de Emprego, estar empadroadada no Concello de Vigo alo menos desde ó 1 de xaneiro de 2022, e prestar servizos no municipio.

- A contía da axuda determinarase segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base b.2. Tipos e contía da axuda*.

- Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección indicado nestas bases.

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período a subvencionar e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, as entidades solicitantes da axuda deberán acreditar a presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

Quedan excluídas as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

### **b.2. Tipos e contías da axuda**

<b>CONTRATO INDEFINIDO<sup>1</sup></b>	<b>CONTÍA</b>
----------------------------------------	---------------





## Concello de Vigo

Persoa traballadora desempregada empadroada en Vigo <sup>2</sup>	2.000,00 €
<b>INCREMENTO POR COLECTIVO<sup>3</sup></b>	<b>CONTÍA</b>
• Primeiro empregado/a da empresa	200,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos <sup>4</sup>	200,00 €
• Persoa con discapacidade <sup>5</sup>	200,00 €
• Persoa trans <sup>6</sup>	200,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social <sup>7</sup>	200,00 €
• Muller	200,00 €
• Vítima de violencia de xénero <sup>8</sup>	200,00 €
• Participante de programa da concellería	200,00 €
<b>Importe Máximo Total</b>	<b>3.600,00 €</b>

<sup>(1)</sup> Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicarase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

<sup>(2)</sup> Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/01/2022.

<sup>(3)</sup> O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

<sup>(4)</sup> A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

<sup>(5)</sup> Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33% .

<sup>(6)</sup> Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

<sup>(7)</sup> Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

<sup>(8)</sup> Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto conforme a *Base b.1*.

As **persoas emprendedoras autónomas e micropemes (\*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** sobre o total da contía da axuda resultante que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme <sup>9</sup>	500,00 €

<sup>(9)</sup> Empresa cun persoal inferior a 10 traballadores e un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden a contratos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración mínima do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación. Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

### **b.3. Solicitude e documentación**

#### **b.3.1. Solicitude**

**Os solicitantes obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria achegarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

#### **b.3.2. Documentación**

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I. Solicitude:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) As **persoas xurídicas** achegarán **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.



## Concello de Vigo

- c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante o pola persoa autorizada.
- d) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.
- e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.
- f) **Anexo IV. Oferta de emprego** presentada ante o **Concello de Vigo** e/ou **Ficha de oferta de emprego** presentada ante o **SPEG**.
- g) **Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención**.
- h) Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- Os anexos **asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica**.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, seralle requirida á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

### **C) PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL**

### c.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a axuda para a mellora da estabilidade laboral, no período comprendido desde o **16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023**, a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato formalizado de tempo parcial a tempo completo segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no Concello de Vigo alo menos desde ó 1 de xaneiro de 2022, e prestará servizos no municipio.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora, tal e como especifica a *base c.2. Tipos e contías da axuda*.

### c.2. Tipos e contías da axuda

<b>PROGRAMA MELLORA</b>	<b>CONTÍA</b>
Persoa traballadora empadroada en Vigo <sup>1</sup>	2.000,00 €
<b>INCREMENTO POR COLECTIVO<sup>2</sup></b>	<b>CONTÍA</b>
• Primeiro empregado/a da empresa	200,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos <sup>3</sup>	200,00 €
• Persoa con discapacidade <sup>4</sup>	200,00 €
• Persoa trans <sup>5</sup>	200,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social <sup>6</sup>	200,00 €
• Muller	200,00 €
• Vítima de violencia de xénero <sup>7</sup>	200,00 €
<b>Importe Máximo Total</b>	<b>3.400,00 €</b>

<sup>(1)</sup> Persoa empadroada no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/01/2022.

<sup>(2)</sup> O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

<sup>(3)</sup> A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

<sup>(4)</sup> Persoa con discapacidade sempre que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

<sup>(5)</sup> Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.



## Concello de Vigo

<sup>(6)</sup> Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

<sup>(7)</sup> Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

As **persoas emprendedoras autónomas e micropemes (\*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** sobre o total da contía da axuda resultante que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme <sup>8</sup>	500,00 €

<sup>(8)</sup> Empresa cun persoal inferior a 10 traballadores e un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a mellora de contratos realizados a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

### c.3. Solicitud e documentación

#### c.3.1. Solicitud

**Os solicitantes obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria achegarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

### **c.3.2. Documentación**

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:



## Concello de Vigo

### Documentación relativa á empresa:

- a) **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que deberán indicar para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) **As persoas xurídicas** achegarán **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.
- c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante o pola persoa autorizada.
- d) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á mellora do contrato para o que se solicita a axuda.
- e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

### Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

- f) Copia do **contrato de traballo inicial** e, de ser o caso, das súas prórrogas, **e do documento de incremento da xornada laboral** rexistrados no Servizo Público de Emprego.
- g) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora **a algún dos colectivos especificados na base c.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.
- h) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5*, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

### **BASE 5ª. OBRIGAS**

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

5.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados nos apartados a.2, b.2 e c.2 para o incremento da axuda.

5.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

5.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Para os casos de xornada parcial poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral. Igualmente, conforme á *base 10ª*, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter ou superar a xornada pactada para a persoa traballadora substituta.

5.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

5.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde o inicio, desde a transformación da modalidade do contrato ou desde a mellora das condicións ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da *base 10ª*.

5.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

5.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que se manteña o contrato obxecto de subvención.

5.8. As persoas traballadoras por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos polo Concello de Vigo, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.





## Concello de Vigo

5.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto ata o 31 de xuño de 2024.

5.10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

5.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata ó 5 de xullo de 2023**.

### **BASE 7ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES**

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma sen asalariados e contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven con ela coma se non.
- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.
- No Programa Contratacións, as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

Son compatibles cada unha das modalidades de axuda sempre que non se solicite para a mesma persoa traballadora.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

## **BASE 8ª. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN**

### **8.1. Instrucción e tramitación das axudas**

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

➤ A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

➤ A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

➤ Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



## Concello de Vigo

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista da cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.
- En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.
- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluído o procedemento correspondente, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.
- O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.
- Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será obxecto de **publicación na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.**

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado de conformidade coa **base 9ª**.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2023.

## 8.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- Presidente: A/o concelleira/o delegada/o da Área de Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: - A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretaria/o.
- Un/Unha técnico/a da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade da/o concelleira/o, que será resolutivo.

A/O concelleira/o delegada/o da área resolverá o nomeamento dos/as titulares e suplentes da referida comisión.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

## 8.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de **concorrenza competitiva**, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario para iso.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

## BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, segundo o programa que corresponda e no prazo sinalado:

### A) PROGRAMA INDEFINIDOS

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**



## Concello de Vigo

3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata o 31 de xuño do 2024.

### B) PROGRAMA CONTRATACIÓNS

- a) **Copia do contrato de traballo** no modelo que se estableza e rexistrado no SPEG.
- b) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, **con data posterior á concesión da axuda.**
- c) **Informe de Vida Laboral da persoa traballadora** obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- d) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto b.2.** destas bases e convocatoria.
- e) **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida**
- f) **Fotografía do cartel informativo da subvención** colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de xuño do 2024.

### C) PROGRAMA MELLORA

- 1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
- 2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**
- 3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata o 31 de xuño de 2024.

Para todos os programas de axuda o prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2022.

**A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestamento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

### **BASE 10ª. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNIS DE CONCESIÓN**

10.1. Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto na base 5ª.

10.2. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se solicita a subvención, con independencia da causa, previa ao seu outorgamento a empresa solicitante comunicará este feito no prazo de 5 días naturais desde a data do cese e procederá a desistir da súa solicitude.

10.3. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e conforme ao programa de axuda solicitado:

#### **a) PROGRAMA INDEFINIDOS:**

- por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída no prazo de 10 días naturais seguintes ao cese ou no seu defecto,
- por medio dunha contratación indefinida inicial realizada a unha persoa desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos 10 días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de falta de candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

#### **b) PROGRAMA CONTRATACIÓNIS:**

- por medio da incorporación dunha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial, no prazo de 10 días naturais seguintes ao cese ou, no seu defecto,
- por medio da incorporación dunha nova persoa traballadora cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos desta convocatoria, dentro dos 10 días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado nestas bases reguladoras na *base b.1*).



## Concello de Vigo

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

### C) PROGRAMA MELLORA:

- por medio da mellora das condicións do contrato doutra persoa traballadora que estivese vixente na data da baixa da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda no prazo de 10 días naturais seguintes ao cese, conforme á base 4ª, apartado c.1 ou no seu defecto,

- por medio da substitución por medio dunha contratación realizada a unha persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda e que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

A nova contratación comunicarase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.4. No suposto de **suspensión da relación laboral da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** a beneficiaria procederá a substituír á persoa traballadora ata a súa incorporación. A substitución realizarase por medio dunha contratación realizada a unha persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda e que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días naturais seguintes á suspensión da relación laboral, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo en suspensión, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

No caso de non producirse a reincorporación da persoa traballadora procederase segundo o suposto de extinción da relación laboral segundo o programa de axuda que corresponda ou, de ser o caso, manterase o contrato da persoa traballadora substituta.

A nova contratación comunicarase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.5. En todos os programas a beneficiaria dispón dun prazo de 5 días naturais, desde a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta, sexa por cese ou por suspensión da relación laboral para comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción ou a suspensión do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

- **Declaración responsable ou documentación acreditativa da extinción ou suspensión contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente.
- **Informe da vida laboral completa da persoa traballadora substituta** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contrato de traballo da persoa traballadora substituta** comunicado á Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
- **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora substituta **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.
- **Anexo VI. Información á persoa traballadora substituta da subvención concedida.**

10.6. No suposto de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto na *base 11ª* e a LXS.

## **BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN**

### **a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro**

O incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera obriga, requisito, condición e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á beneficiaria co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e constará informe e proposta razoada da unidade Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de





## **Concello de Vigo**

proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

## **b) Renuncia**

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

## **c) Infraccións e sancións**

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto na Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

## **BASE 12ª. PUBLICIDADE**

### **12.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras**

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

### **12.2. Publicidade das subvencións concedidas**

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.



## Concello de Vigo

### 12.3. Publicidade do financiamento público

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "Axudas Municipais á Contratación 2023" do Concello de Vigo. A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o modelo normalizado do cartel. O cartel informativo da subvención manterase exposto, cando menos, ata o 31 de xuño de 2024.

### BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de

xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 4700006 de *Axudas á contratación* do vixente orzamento, por un importe total de 150.000,00€ (cento cincuenta mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

**A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos** cunha contía de **70.000,00€** (setenta mil euros).

**B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas** cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

**C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral** cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas dos outros programas, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegarase as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

#### **BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL**

A beneficiaria facilitará toda a información e documentación que, en relación ao expediente de subvención, lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

### CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2023

#### Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2023, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

**A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos**, que comprende a transformación en indefinido do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** realizado á persoa traballadora empadroada no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

**B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas**, que comprende a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

**C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral**, que comprende a axuda no período comprendido **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.

En todos os programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinarán a contía a conceder na data da contratación, ou da transformación da modalidade de contrato, así

como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, alo menos, desde o 1 de xaneiro de 2022.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e da duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha xornada laboral mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

## **Segundo. Beneficiarias**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

## **Terceiro. Réxime da convocatoria**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

## **Cuarto. Normativa e Bases reguladoras**

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

## **Quinto. Contía**

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación"* dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos** cunha contía de **70.000,00€** (setenta mil euros).

**B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas** cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

**C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral** cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).



## Concello de Vigo

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata o 5 de xullo de 2023**.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

### **Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación**

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

#### **Oitavo. Criterios de valoración**

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

#### **Noveno. Outros datos**

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

#### **Décimo. Publicación**

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:





## Concello de Vigo

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

### EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2023, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2023

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### Primeiro. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

#### Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas municipais á contratación" no marco da actuación municipal para o ano 2023, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

**A) Programa Indefinidos**, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

**B) Programa Contratacións**, que comprenderá a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

**C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral**, que comprende a axuda no período comprendido **desde o 16 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.

En todos os programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinaran a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, alo menos, desde o 1 de outubro de 2021.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

### **Terceiro. Bases reguladoras**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

### **Cuarto. Contía**

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada Axudas á contratación* dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos** cunha contía de **70.000,00€** (setenta mil euros).

**B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas** cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).



## Concello de Vigo

### **C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral** cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata o 5 de xullo de 2023**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

### **Sexto. Outros datos**

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

#### **4(379).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. LOTES 2 E 4. EXPTE. 9176/335.**

Visto o informe xurídico do 10/05/2023 e o informe de fiscalización do 12/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

##### **ANTECEDENTES:**

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de abril de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 9 de xuño de 2022 acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”, coas seguintes condicións:

Adxudicar a INDUSTRIAS ORQUESTALES S.L. (B-81.034.522) o lote 2 “Produción técnica de soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións” do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9176-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do lote é de 143.503,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.905,62 euros, cos prezos unitarios (C/IVE) recollidos na oferta e que se indican de seguido:

<b>Referencia</b>	<b>Concepto</b>	<b>Prezo unitario</b>
6.2.1.1	Escenario con cuberta ...	9.136,07.. €/ud
6.2.1.2	Cerramentos ...	198,71.... €/ud
6.2.1.3	Carpa tipo “xaima” 5x5 ...	364,29.... €/ud
6.2.1.4	Set de mobiliario para backstage	6.2.1.5 Carpa extensible de 3x3 ...103,67.... €/ud
6.2.1.6	Cabinas sanitarias móbiles non conectadas a rede ...	172,21.... €/ud
6.2.1.7	Acometidas eléctricas ...	533,48.... €/ud
6.2.1.8	Equipo de son e iluminación	6.2.1.9 Luz de traballo ...34,56.... €/ud
6.2.1.10	Tarimas ...	62,20.... €/ud
6.2.1.11	Cadeiras ...	1,19.... €/ud
6.2.1.12	Extintores ...	3,67.... €/ud
6.2.1.13	Sinalética ...	77,75.... €/ud



## Concello de Vigo

- 6.2.1.14 Botiquín ...11,52.... €/ud
- 6.2.1.15 Torres de P.A. e muros laterais de publicidade ...698,35.... €/ud
- 6.2.1.16 Camión Escenario
- 6.2.1.17 Pantalla
- 6.2.1.18 Certificacións instalacións infraestruturas e eléctricas ...794,82.... €/ud
- 6.2.2.1 Coordinador de Produción .....404,20..€/xornada completa
- 6.2.2.2 Responsable de backstage .....29,51.. €/h
- 6.2.2.3 Oficial electricista .....27,27.. €/h
- 6.2.2.4 Vixiante nocturno uniformado .....26,22.. €/h
- 6.2.2.5 Mantemento e limpeza .....15,44.. €/h
- 6.2.2.6 Auxiliares Organización - Backstage .....22,08.. €/h
- 6.2.2.7 Auxiliares de organización / Montaxe .....22,08.. €/h
- 6.2.2.8 Auxiliar de catering .....22,08.. €/h
- 6.2.2.9 Plantón diúrno .....22,46.. €/h
- 6.2.2.10 Persoal de carga e descarga e montaxe de infraestruturas .....22,92.. €/h
- 6.2.2.11 Técnico de son operador FOH
- 6.2.2.12 Técnico Iluminación operador/montador FOH
- 6.2.2.13 Técnicos auxiliares Equipos sonido e iluminación ..291,43. €/xornada completa
- 6.2.3.1 Subministro Catering Artistas, técnicos, persoal de produción e protección civil ...403,17.... €/ud
- 6.2.3.2 Servizo de limpeza de instalacións.....39,74.... €/xornada completa

Adxudicar a AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113) o lote 4 "Servizo de ambulancias" do procedemento aberto para a contratación do servizo produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do lote é de 49.266,00 euros (exento IVE), cos seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.4.1.1	Ambulancia Tipo C, SVA	1.100 €
6.4.1.2	Ambulancia Tipo B, SVB	700 €

- b) Mellora o equipamento humano da ambulancia esixida para espectáculos a partir de 2.000 espectadores comprometéndose a achegar 1 medico/a en posesión do título universitario de Licenciado en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante a celebración dos espectáculos.
- c) Mellora o tipo da segunda ambulancia esixida para espectáculos de aforo superior ás 10.000 persoas, con respecto ao esixido na cláusula 6.4 do PPT mediante a substitución da ambulancia tipo B, SVB (soporte vital básico), por 1 ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.*

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) *PRAZO TOTAL: un ano*
- B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*
- C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, unha prórroga dun ano de duración*
- D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: o día seguinte ao da formalización.”.*

4.- Formalización do contrato:

O contrato de INDUSTRIAS ORQUESTALES S.L. (B-81.034.522) o lote 2 foi formalizado en data 5 de xullo de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “*O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Establecese unha prórroga dun ano de duración*”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 5 de xullo de 2023.

O contrato de AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113) o lote 4 foi formalizado en data 5 de xullo de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “*O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Establecese unha prórroga dun ano de duración*”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 5 de xullo de 2023.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que “*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.*”

En data 10 de abril de 2023 a adxudicataria INDUSTRIAS ORQUESTALES S.L. recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”, conforme ao estipulado no mesmo.

En data 10 de abril de 2023 a adxudicataria AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”, estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Festas, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Festas enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de



## Concello de Vigo

un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 6/07/2023 e o 05/07/2024.

### 7.- Orzamento:

- Con data do 9 de xuño a XGL acordou adxudicar a INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522) o lote 2 “Producción técnica de soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións” do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) sendo o prezo máximo do lote de 143.503,81 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 143.503,81 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 100.452,67 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 6 de xullo a decembro) e 43.051,14 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a 5 de xullo) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3380.2260906 (Festas de Vigo) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

- Con data do 9 de xuño a XGL acordou adxudicar a AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113) o lote 4 “Servizo de ambulancias” do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) sendo o prezo máximo do lote de 49.266,00 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 49.266,00 euros, exento de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 44.339,40 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (do 6 de xullo a decembro) e 4.926,60 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a 5 de xullo) e podería imputarse e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3380.2260906 (Festas de Vigo) dos exercicios 2023 e 2024, conforme a anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300048344, por importe de 100.452,67 euros, de retención de crédito (Lote II) e RC 202300048345, por importe de 44.339,40 euros, de retención de crédito (Lote IV) para a tramitación da primeira parte da prórroga do contrato (do 6 de xullo a decembro).

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de produción técnica e soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (expte. 9176/335) para o período comprendido entre:

Lote 2: 06/07/2023 e o 05/07/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

Lote 4: 05/07/2023 e o 04/07/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 143.503,81 euros correspondente a esta prórroga, a favor de INDUSTRIAS ORQUESTALES S.L Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260906 (FESTAS DE VIGO) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 06/07/2023 a 31/12/2023):100.452,67 euros
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 05/07/2024): 43.051,14 euros

3º.- Autorizar e comprometer un importe de 49.266,00 euros correspondente a esta prórroga, a favor de AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260906 (FESTAS DE VIGO) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 05/07/2023 a 31/12/2023): 44.339,40 euros
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 04/07/2024): 4.926,60 euros

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(380).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR (ANO 2023 – 2º). EXPTE. 102949/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 16/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 18/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2023.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Carballo Acuña Alberto	202300003974	1320.2250200	3.000,00	626,54	13/01/23	13/04/23	13/04/23	2.373,46	---
Carballo Acuña Alberto	202300003975	1320.2269900	1.000,00	300,64	13/01/23	14/04/23	13/04/23	699,36	---
Carballo Acuña Alberto	202300003976	1320.2312000	200,00	35,40	13/01/23	13/04/23	13/04/23	164,60	---
Couce Senra Óscar	202300005246	1532.2260400	1.500,00	251,93	18/01/23	19/04/23	18/04/23	1.248,07	---





## Concello de Vigo

Couce Senra Óscar	202300005247	1532.2250100	600,00	0,00	18/01/23	18/04/23	18/04/23	600,00	---
Couce Senra Óscar	202300005248	1532.2312000	300,00	0,00	18/01/23	18/04/23	18/04/23	300,00	---
Couce Senra Óscar	202300007061	1532.2310000	300,00	0,00	27/01/23	26/04/23	27/04/23	300,00	---
Couce Senra Óscar	202300007062	1532.2300000	300,00	0,00	27/01/23	28/04/23	27/04/23	300,00	---
Domínguez Pereira Beatriz	202300003925	9201.2260300	3.000,00	2.781,40	12/01/23	11/04/23	12/04/23	218,60	---
Fernández Fernández Paz	202300010222	2310.7800000	25.000,00	16.958,06	07/02/23	07/02/23	07/05/23	8.041,94	---
Fernández Fernández Paz	202300033371	2310.4810000	405.000,00	305.171,20	15/03/23	11/05/23	15/06/23	99.828,80	---
García Álvarez Luís	202300003973	2311.4800000	4.500,00	2.759,00	13/01/23	10/04/23	13/04/23	1.741,00	---
Núñez-Torrón López Jesús	202300003608	2310.4800000	250.000,00	241.817,16	11/01/23	11/04/23	11/04/23	8.182,84	---
Núñez-Torrón López Jesús	202300048931	2310.4810000	1.300,00	1.300,00	21/04/23	08/05/23	21/07/23	0,00	---
<b>TOTAL</b>			696.000,00	572.001,33				123.998,67	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
✓		

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

## PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das seguintes.

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Carballo Acuña Alberto	202300003974	1320.2250200	3.000,00	626,54	13/01/23	13/04/23	13/04/23	2.373,46	---
Carballo Acuña Alberto	202300003975	1320.2269900	1.000,00	300,64	13/01/23	14/04/23	13/04/23	699,36	---
Carballo Acuña Alberto	202300003976	1320.2312000	200,00	35,40	13/01/23	13/04/23	13/04/23	164,60	---
Couce Senra Óscar	202300005246	1532.2260400	1.500,00	251,93	18/01/23	19/04/23	18/04/23	1.248,07	---
Couce Senra Óscar	202300005247	1532.2250100	600,00	0,00	18/01/23	18/04/23	18/04/23	600,00	---
Couce Senra Óscar	202300005248	1532.2312000	300,00	0,00	18/01/23	18/04/23	18/04/23	300,00	---
Couce Senra Óscar	202300007061	1532.2310000	300,00	0,00	27/01/23	26/04/23	27/04/23	300,00	---
Couce Senra Óscar	202300007062	1532.2300000	300,00	0,00	27/01/23	28/04/23	27/04/23	300,00	---
Domínguez Pereira Beatriz	202300003925	9201.2260300	3.000,00	2.781,40	12/01/23	11/04/23	12/04/23	218,60	---
Fernández Fernández Paz	202300010222	2310.7800000	25.000,00	16.958,06	07/02/23	07/02/23	07/05/23	8.041,94	---
Fernández Fernández Paz	202300033371	2310.4810000	405.000,00	305.171,20	15/03/23	11/05/23	15/06/23	99.828,80	---
García Álvarez Luis	202300003973	2311.4800000	4.500,00	2.759,00	13/01/23	10/04/23	13/04/23	1.741,00	---
Núñez-Torrón López Jesús	202300003608	2310.4800000	250.000,00	241.817,16	11/01/23	11/04/23	11/04/23	8.182,84	---
Núñez-Torrón López Jesús	202300048931	2310.4810000	1.300,00	1.300,00	21/04/23	08/05/23	21/07/23	0,00	---
<b>TOTAL</b>			696.000,00	572.001,33				123.998,67	

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **6(381).- PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS, DO CONCELLO DE VIGO- LOTE 1 (RECTIFICACIÓN ANUALIDADES) . EXPTE. 13218/445.**

Visto o informe xurídico do 11/05/2023 e o informe de fiscalización do 19/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 03/05/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o técnico de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/04/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B36781730) o contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1, Expediente 13.218/445 por procedemento aberto e por un prezo total de DOUS CENTOS OITENTA MIL EUROS (280.000 EUROS) sendo a cota correspondente ao IVE de 48.595,04 €, e segundo os prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 25/05/2020 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.

**Terceiro.-** En data 21/04/2022 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1 (13218-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B36781730), polo período comprendido desde o 26 de maio de 2022 ata o 25 de maio do 2023.

Asemade, acordou a autorización do gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1. (13218-445) a favor da entidade mercantil TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B36781730) por importe de CENTO COARENTA MIL EUROS (140.000 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de VINTECATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CENTIMOS (24.297,52 €); imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 "Reparación, mantemento e conservación do material" e 9202.221.11.00 "Reposto elementos de transporte", segundo a seguinte distribución anual:"

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 26/05/2022 ata o 31/12/2022	9202.214.00.00	67.083,33 €
	9202.221.11.00	14.583,33 €
Do 01/01/2023 ata o 25/05/2023	9202.214.00.00	47.916,67 €
	9202.221.11.00	10.416,67 €
	<b>TOTAL</b>	<b>140.000,00 €</b>

**Cuarto.-** Que con data 13/04/2023, asinouse informe proposta de prorroga para o periodo 2023 a 2024, sendo informado favorablemente esta polo servizo xuridico correspondente.

**Quinto.-** Debido as disponibilidades orzamentarias existentes en relación o LOTE Nº1 do expediente referenciado e polo tanto revisadas as posibles previsións das necesidades do contrato no último período do 2023, o servizo do parque móbil solicita a modificación das anualidades xa informadas favorablemente sen modificación orzamentaria final, coas seguintes distribución que supoñan:

Previsión asinada no informe

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 26/05/2023 ata o 31/12/2023	9202.214.00.00	67.083,33 €
	9202.221.11.00	14.583,33 €
Do 01/01/2024 ata o 25/05/2024	9202.214.00.00	47.916,67 €
	9202.221.11.00	10.416,67 €
	<b>TOTAL</b>	<b>140.000,00 €</b>

**Nova solicitude das distintas anualidades:**

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 26/05/2023 ata o 31/12/2023	9202.214.00.00	60.310,90 €
	9202.221.11.00	1.801,67 €
Do 01/01/2024 ata o 25/05/2024	9202.214.00.00	54.689,10 €
	9202.221.11.00	23.198,33 €
	<b>TOTAL</b>	<b>140.000,00 €</b>

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración



## Concello de Vigo

destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da segunda prórroga do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 26/05/2023 ao 25/05/2024, sendo que o prezo anual ascende a un total de CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (24.297,52 €).

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repostos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 26/05/2023 ata o 31/12/2023	9202.214.00.00	67.083,33 €
	9202.221.11.00	14.583,33 €
Do 01/01/2024 ata o 25/05/2024	9202.214.00.00	47.916,67 €

	9202.221.11.00	10.416,67 €
	<b>TOTAL</b>	<b>140.000,00 €</b>

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 (13.218-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. polo período comprendido dende o 26/05/2023 ata o 25/05/2024.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1 (13218-445), a favor da entidade mercantil TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B367817309) por importe de CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000 EUROS) IVE INCLUÍDO, CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (24.297,52 €); imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repostos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 26/05/2023 ata o 31/12/2023	9202.214.00.00	67.083,33 €
	9202.221.11.00	14.583,33 €
Do 01/01/2024 ata o 25/05/2024	9202.214.00.00	47.916,67 €
	9202.221.11.00	10.416,67 €
	<b>TOTAL</b>	<b>140.000,00 €</b>

**Terceiro.-** Notificar á empresa adjudicataria TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B367817309) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(382).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DA AULA CEMIT CONFORME AO CONVENIO COA AXENCIA DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA- AMTEGA- NO ANO 2023. EXPTE. 11115/320.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos (número expediente: 6971-320):

*1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.*

*2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.*

Con data 04/03/2014, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:

- 1. Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, AMTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
- 2. Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

II. No período comprendido entre os exercicios 2014 e 2022 (agás no 2020), o Concello de Vigo resultou beneficiario das resolucións para renovar a condición de aula de referencia de Aula CeMIT e de outorgamento das correspondentes subvencións.

Dende a formalización do convenio entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local, as dúas aulas (multimedia e formación tecnolóxica) das que se compón a aula CeMIT veñen desenvolvendo un notable volume de actividades.

III. Con data 30/09/2022, asinouse o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA Á PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025”, establecéndose distintos compromisos para as entidades locais que contan con Aula CeMIT considerada de referencia, no Anexo 4 de adhesión ao Plan de reforma e ampliación da Rede CeMIT.

IV. Con data 15/12/2022 recibíuse notificación da I Addenda ao Convenio entre a AMTEGA e a FEGAMP para a xestión do Plan de reforma e Ampliación da Rede Cemit e o 20/12/2022 a notificación da **proposta de mantemento da condición de aula de referencia para o ano 2023**, coas consecuencias inherentes a tal condición, formulada na sesión celebrada o 19/12/2022 pola Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración entre a AMTEGA e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT.

V. Finalmente, con data **5/05/2023**, a AMTEGA comunica unha nova **resolución pola que se conceden subvencións ás entidades que integran a Rede CeMIT que teñen a consideración de “aulas de referencia” para o exercicio 2023**, entre as que se inclúe novamente ao Concello de Vigo, por un importe outorgado de 15.000,00 euros. (expte. 11115-320)

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A presente subvención contribúe ao exercicio de competencias propias municipais previstas no artigo 25.2. letras d) (equipamentos da súa titularidade) e ñ) (promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das novas tecnoloxías da información e das comunicacións) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a), nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b).

Cómpre indicar que o Concello de Vigo ven recibindo a condición de a aula CeMIT dende o ano 2014.





## Concello de Vigo

II. Conforme ao Texto Consolidado de delegación de competencias da Alcaldía do 4 de setembro de 2020, á Concellería de Participación Cidadá e Festas lle compete, entre outros asuntos, “dirixir e impulsar a política municipal referida ao asociacionismo e á Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da comunidade veciñal; promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet, así como das actividades socioculturais e formativas nos Centros Municipais de Distrito, procurando a colaboración das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións”.

O Concello de Vigo está a fomentar o desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT (**Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica**), xa que, a súa finalidade é convertela nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:

- Aumentar a accesibilidade a Internet
- Avanzar na alfabetización dixital
- Diminuír a fenda dixital
- Mellorar a empregabilidade

III. De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019, modificadas con data 17/08/2020, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, modificados con data 17/08/2020, polo anteriormente exposto e previo informe da Intervención, **PROPOÑO a Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. Encomendar ao servizo de Participación Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no texto da resolución.
3. Delegar no concelleiro de Participación Cidadá e Festas a representación do Concello de Vigo diante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(383).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2023. EXPTE. 4907/330.**

Visto o informe xurídico do 03/05/2023 e o informe de fiscalización do 18/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 17 de marzo do 2023, a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a financiación do programa anual de concertos en 2023; por este motivo, con data 20 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.

**PROGRAMACION 2023**

A programación obxecto do presente convenio será a seguinte:

<b>Fecha</b>	<b>Evento</b>	<b>Lugar y hora</b>
28/11/2022	<b>Cuarteto Ulises</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
05/12/2022	<b>Camerata Atlántica de Lisboa</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
14/12/2022	<b>Vox Stellae Ensemble</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
09/01/2023	<b>Cuarteto de Arpas</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
19/01/2023	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
27/01/2023	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.



## Concello de Vigo

A ir d d	06/02/2023	Yudith Jáuregui (Piano)	Auditorio Afundación 20:00 h.	
	10/02/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
	06/03/2023	Harmonie XXI Ensemble	Auditorio Afundación 20:00 h.	
	10/03/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h..	
	29/03/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
	10/04/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
	13/04/2023	Concert – Art	Auditorio Afundación 20:00 h.	
	D P S	27/04/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
		05/05/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
		08/05/2023	Ensemble Tetratik	Auditorio Afundación 20:00 h.
18/05/2023		Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
24/05/2023		Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
05/06/2023		Quinteto Rivero Maceo	Auditorio Afundación 20:00 h.	
08/06/2023		Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
18/10/2023		Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.	
23/10/2023	Al Ayre Español	Auditorio Afundación 20:00 h.		
26/10/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.		

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 21 de abril do 2023

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo para a organización da programación anual de Concertos 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.20** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte



## Concello de Vigo

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quinze mil euros) á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 “CONVENIO SOCIEDAD FILARMÓNICA, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación anual de concertos 2023.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2023.

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020.

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade “ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO”, CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fé deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.-A “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.20, como subvención nominativa, a favor da “**CONVENIO SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS**” a cantidade de 15.000 euros.*

*IV.- Que a “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos 2023 (iniciado o 28 de novembro do 2022), que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total



## Concello de Vigo

de 104.209,16 € (cento catro mil douscentos nove euros con dezaseis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 85.625 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 3.584,16 €

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto do presente convenio será a seguinte:

Fecha	Evento	Lugar y hora
28/11/2022	Cuarteto Ulises	Auditorio Afundación 20:00 h.
05/12/2022	Camerata Atlántica de Lisboa	Teatro Afundación 20:00 h.
14/12/2022	Vox Stellae Ensemble	Auditorio Afundación 20:00 h.
09/01/2023	Cuarteto de Arpas	Auditorio Afundación 20:00 h.
19/01/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
27/01/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
06/02/2023	Yudith Jáuregui (Piano)	Auditorio Afundación 20:00 h.
10/02/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
06/03/2023	Harmonie XXI Ensemble	Auditorio Afundación 20:00 h.
10/03/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h..
29/03/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
10/04/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
13/04/2023	Concert – Art	Auditorio Afundación 20:00 h.
27/04/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
05/05/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
08/05/2023	Ensemble Tetratik	Auditorio Afundación 20:00 h.
18/05/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
24/05/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
05/06/2023	Quinteto Rivero Maceo	Auditorio Afundación 20:00 h.
08/06/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
18/10/2023	Real Filharmonia de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.
23/10/2023	Al Ayre Español	Auditorio Afundación 20:00 h.
26/10/2023	Orquesta Sinfónica de Galicia	Teatro Afundación 20:00 h.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino Manuel San Luis Costas, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.





## Concello de Vigo

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia do recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo,



## Concello de Vigo

para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 e 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar



## Concello de Vigo

cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
  - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## **ORZAMENTO PROGRAMA DE CONCERTOS 2023**

### **I. GASTOS**

<b>Concepto</b>	<b>Importe en euros</b>
Actividades e concertos	79.250,00
Dereitos de autor-SGAE	1.460,42
Gastos secretaría	5.200,00
Gastos mantemento	6.700,00
Imprenta	4.975,00
Seguros e impostos	3.850,47
Afinación y reparación de pianos	2.545,00
<b>TOTAL</b>	<b>103.906,22</b>

### **2. INGRESOS**

<b>Concepto</b>	<b>Importe en euros</b>
Cuotas socios	88.352,00
Subvención Concello de Vigo	15.000,00
Ajustes de déficit a asumir por la entidad	554,22
<b>TOTAL</b>	<b>103.906,22</b>

#### **9(384).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2023". EXPTE. 4898/330.**

Visto o informe xurídico do 03/05/2023 e o informe de fiscalización do 18/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 15 de marzo do 2023, a "Asociación Cultural Abella Producións" presenta escrito de solicitude de subvención para o





## Concello de Vigo

financiamento do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2023"; por este motivo, o día 16 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 do orzamento municipal vixente.

### ANTECEDENTES.-

A entidade "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha coidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreos mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.

### **DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

Datas: 21, 22 e 23 de setembro e do 27 ao 30 de setembro de 2023

Sedes: Sala Videodrome e Auditorio Municipal do Concello de Vigo

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 39.500 € (trinta e nove cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 13.200 €
- AGADIC: 6.000 €
- ICAA: 4.000 €
- Patrocinios: 4.300 €
- Fondos propios da entidade: 1.000 €
- Entradas e merchandising: 6.400 €
- Actividades: 600 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social

- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 27 de marzo do 2023

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á a “Asociación Cultural Abella Producións” para o financiamento do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2023” a realizar durante o exercicio 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Asociación Cultural Abella Producións” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Abella Producións” ten como obxecto financiar a organización do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL



## Concello de Vigo

2023" a realizar durante o exercicio 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.22** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 € (catro mil euros) á "Asociación Cultural Abella Producións", CIF. G-2787770, para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2023" a realizar durante o exercicio 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 "SUBVENCIÓN FREAKY FILM FESTIVAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación Cultural Abella Producións" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2023".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN S", PARA O FINANCIAMENTO DO GALICIAN FREAKY FESTIVAL 2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Juan de Castro García, na súa condición de presidente da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" (CIF: G-27877703) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Urzáiz núm. 92, 1ºB Drta, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### MANIFESTAN

*I.-Que a entidade "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha cuidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreos mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S", como medio que é de promover a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.22, como subvención nominativa, a favor da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S", a cantidade de 4.000 euros.*

*IV.- Que a "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia,*



## Concello de Vigo

*atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

**V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa do GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL durante o exercicio 2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 39.500 € (trinta e nove cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 13.200 €
- AGADIC: 6.000 €
- ICAA: 4.000 €
- Patrocinios: 4.300 €
- Fondos propios da entidade: 1.000 €
- Entradas e merchandising: 6.400 €
- Actividades: 600 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

Datas: 21, 22 e 23 de setembro e do 27 ao 30 de setembro de 2023

Sedes: Sala Videodrome e Auditorio Municipal do Concello de Vigo

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juan de Castro García, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida



## Concello de Vigo

producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha

achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por





## Concello de Vigo

calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.

g) Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

h) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

i) As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

j) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.

k) Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do

prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**



## Concello de Vigo

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



# Concello de Vigo

10(38)  
 EXEC  
 TERI  
 6028  
 Visto  
 data  
 Orza  
 ANTE  
 I.- Po  
 Arquib  
 D. Ju.  
 CÉSSE  
 "AS T  
 II.- O  
 Admin  
 inicial  
 III.- A  
 conxun  
 edifici  
 23433  
 inmok  
 Castr  
 DEPC  
 As ob  
 camp  
 ➤  
 aprov  
 ➤  
 ➤  
 elástic  
 pavim  
 ➤  
 SPOF  
 comp  
 ➤  
 conse  
 canal

ORZAMENTO GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2023 - 7ª EDICIÓN				
ORZAMENTO GASTOS SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO		Cantidades / Prezos unit.	Sen IVE	Con IVE
Publicidade e difusión	Publicidade en medios	1ud anuncio a 123,97 €	123,97 €	150,00 €
	Redes	10uds publicidade a 18,52 €	185,20 €	200,00 €
	Imprenta	200 cartóns A2 x 2,47 €	495,87 €	600,00 €
	Instalacións na rúa	5 impms. virtuais a 165,28 €	826,45 €	1.000,00 €
	Servizos dixitais virtuais	1 servizo a 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €
	Comunicación, servizos	1 servizo a 1.811,57 €	1.811,57 €	1.950,00 €
	Outros soporte gráfico	100 cartóns a 4,21 €	413,22 €	500,00 €
<b>TOTAL PUBLICIDADE E DIFUSIÓN</b>			<b>4.482,81 €</b>	<b>5.400,00 €</b>
Produción	Salas	1 salas x 4 días a 1.652,89 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Algunhas equipos	1ud pantalla a 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Algunhas audio	1ud audio a 330,58 €	330,58 €	400,00 €
	Servizos varios de produción	1 serv. Produción a 1003,06 €	1.818,18 €	2.200,00 €
<b>TOTAL PRODUCCIÓN</b>			<b>4.214,88 €</b>	<b>5.100,00 €</b>
Servizos Profesionais	Deseñador 1	1ud inaxe gráfica a 991,74 €	991,74 €	1.200,00 €
	Deseñador 2	1ud ilustracións a 371,80 €	371,80 €	450,00 €
	Artistas e convidadas profesionais	2 part. X 537,19 €	1.074,38 €	1.300,00 €
	Decoración	1ud decoradora a 1.157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Produción	1ud produtor a 2.809,92 €	2.809,92 €	3.400,00 €
	Programación	3 ud codador a 413,22 €	1.239,67 €	1.500,00 €
	Fotografía	1 fotografo a 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Video	1 cámara a 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Edición Fotografía e Video	1 video editado a 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Salario Artes Dirección	2ud Arte a 619,83 €	1.239,67 €	1.500,00 €
	Monitores e técnicos de sala	4 monitores sala a 72,31 €	289,26 €	350,00 €
	Comunicación Prensa	1 respon. prensa a 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €
Comunicación RRSS	1 respon. RRSS a 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €	
Soporte Técnico	1 respon. Técnico a 1.239,67 €	1.239,67 €	1.500,00 €	
<b>TOTAL SERVIZOS PROFESIONAIS</b>			<b>13.385,79 €</b>	<b>16.100,00 €</b>
Xestións de películas e dereitos de exhibición	Dereitos de exhibición	8 acree fca a 165,28 €	1.322,31 €	1.500,00 €
	Envío e xestión	8 envíos a 27,548 €	185,20 €	200,00 €
<b>TOTAL XESTIÓN DE PELICULAS E D. DE EXHIBICIÓN</b>			<b>1.487,60 €</b>	<b>1.800,00 €</b>
Gastos de Subtitulación	Coordinación Subtitulado	1ud prof. X 3.471,07 €	3.471,07 €	4.200,00 €
<b>TOTAL GASTOS SUBTITULACIÓN</b>			<b>3.471,07 €</b>	<b>4.200,00 €</b>
Premios e galardóns	Elaboración de estatuillas	8 uds a 82,64 €	661,16 €	800,00 €
	Premios económicos	8 uds a 87,80 €	743,80 €	900,00 €
<b>TOTAL PREMIOS E GALARDÓN</b>			<b>1.404,96 €</b>	<b>1.700,00 €</b>
Viaxes, dietas e protocolo	Aloxamento	26 habitacións a 72,72 €	1.818,18 €	2.000,00 €
	Protocolo	1 servizo a 330,58 €	330,58 €	400,00 €
	Transporte	10 uds a 49,58 €	495,87 €	600,00 €
<b>TOTAL VIAJES, DIETAS E PROTOCOLO</b>			<b>2.479,34 €</b>	<b>3.000,00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES</b>			<b>30.826,45 €</b>	<b>37.300,00 €</b>
ORZAMENTO GASTOS NON SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO			Sen IVE	Con IVE
Salario	Salario Director		1.404,96 €	1.700,00 €
Gastos da actividade	Catering e comidas		82,64 €	100,00 €
Gastos relacionados coa actividade que dependen da entidade	Indemnizacións		82,64 €	100,00 €
	Seguro de RC		185,20 €	200,00 €
	Asesoría		82,64 €	100,00 €
<b>TOTAL GASTOS NON SUBVENCIONABLES</b>			<b>1.818,18 €</b>	<b>2.200,00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES</b>				
<b>TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES</b>			<b>30.826,45 €</b>	<b>37.300,00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS NON SUBVENCIONABLES</b>			<b>1.818,18 €</b>	<b>2.200,00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>32.644,63 €</b>	<b>39.500,00 €</b>

DO E DE  
 FICIAL NO  
 EXPTE.  
 proposta de  
 le Control  
 ctado polos  
 -Cadarsó e  
 EFICIE DE  
 RTIVO DE  
 do Servizo  
 23 resolveu  
 na parte do  
 dolos seus  
 catastral  
 al de bens  
 da na Avda.  
 11- PISTA  
 artificial do  
 residuo, con  
 ñ con base  
 rte, sobre o  
 FIH MULTI-  
 resultando  
 obxecto de  
 da rede de  
 circuíto de

- reaproveitamento que permita o almacenamento e reutilización da auga de rego do campo.
- Renovación integral do circuíto de rego.
- Propónse renovar a superficie das medias lúas de terra situadas entre a zona

posterior as porterías e o interior da pista por superficie de herba sintética, co fin de evitar o arrastre de terra cara ás canles de recollida de pluviais e obter un acabado apto para prácticas de quecemento ou estiramento.

➤ O alcance das obras e instalacións proxectadas límitase ó ámbito do terreo de xogo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SESENTA) 60 días.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en datas 12.05.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

De acordo coas determinacións do PXOU de Vigo aprobado definitivamente o 29/04//1993, a parcela atópase en Solo Urbano cualificado coma Ordenanza 3.2/3.3, de Zonas Deportivas/Zonas culturais e sociais. Uso característico: dotacional deportivo.

As actuacións previstas son compatibles cas determinacións da Ordenanza sinalada. As obras previstas neste proxecto non contemplan a construción de novas edificacións que computen edificabilidade polo que cumpren as condicións de uso deportivo propias da clasificación establecida polo PXOU. Cumpren ademais a totalidade das normativas e leis da Comunidade Autónoma ou sectoriais vencelladas á súa situación urbanística.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente,



## Concello de Vigo

cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de "Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do complexo polideportivo de As Travesas", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCIENTOS SETENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (379.999,99 €) e con data da sinatura dixital 5 de maio de 2023.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(386).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ELABORACIÓN, DOAZÓN E INSTALACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN HOMENAXE AO REAL CLUB CELTA DE VIGO E A SÚA AFECCIÓN. EXPTE. 1699/441.**

Visto o informe xurídico de data 16/05/2023 e informe de fiscalización do 19/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/2023, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con datas 15.05.2023 o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a aprobación, de ser o caso, por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio de colaboración para APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ELABORACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN HOMENAXE AO CLUB CELTA DE VIGO E Á SÚA AFECCIÓN..

**Segundo.-** Con data 15.05.2023 o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímanse conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Terceiro.-** O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 16/05/23 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Deputación para a ELABORACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN HOMENAXE AO CLUB CELTA DE VIGO E Á SÚA AFECCIÓN.

## **FUNDAMENTOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- b) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- d) Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- e) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- f) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- g) Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- h) Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- i) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- j) Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- k) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- l) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.





**Concello de Vigo**

m) Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

## **II.- Convenio**

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a cesión dun conxunto escultórico realizado por parte da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra, en homenaxe ao Club Celta de Vigo e á súa afección, que será instalado na rotonda onde conflúen as rúas Alexandre Bóveda, Olímpicos e Pablo Iglesias, nas inmediacións do Estadio Municipal de Balaídos. Este conxunto está composto por un dolmen, onde na parte dianteira leva o escudo do Real Club Celta de Vigo e a silueta de dous xogadores, e na parte traseira as siluetas de catro persoas

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a través do Servizo da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra promoverá os traballos de elaboración e instalación da escultura. O ben doado, incluídos os traballos de manufactura importan un valor de 10.648,00 €, IVE incluído.

O Concello de Vigo comprométese a facilitar os traballos necesarios para a instalación, permitindo o acceso a unha toma de corrente o máis preto posible, ou calquera outro indispensable para a realización dos traballos obxecto do convenio.

En caso de ser necesarios, os permisos, autorizacións e licenzas necesarias para realizar os

traballos, correrán por conta do Concello de Vigo sen prexuízo de que, desde a Deputación de Pontevedra, se realicen aqueles trámites de colaboración necesarios para axilizar a elaboración dos traballos. En base á obriga anterior, o Concello de Vigo comprométese a xestionar, si procede todas as autorizacións necesarias para acometer os traballos.

Unha vez realizados os traballos, o Concello asumirá a responsabilidade de conservación e o mantemento da peza.

O Concello de Vigo deberá presentar, unha vez realizados os traballos de instalación, a correspondente xustificación da publicidade realizada, mediante reportaxe fotográfica, recortes de prensa, etc., no prazo dun mes a contar dende a sinatura da acta de entrega ou a requirimento expreso da Deputación de Pontevedra

### **III.- Procedemento e competencia**

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### **PROPOSTA**

**Primeiro.**- Aprobar o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ELABORACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN HOMENAXE AO CLUB CELTA DE VIGO E Á SÚA AFECCIÓN ", transcrito como Anexo.

**Segundo.**- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Terceiro.**- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ELABORACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN HOMENAXE AO CLUB CELTA DE VIGO E Á SÚA AFECCIÓN".



**Concello de Vigo**

Na data da sinatura dixital.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, na súa condición de alcalde do Concello de Vigo, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o seu cargo.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense, mutuamente a capacidade e lexitimación suficientes para o outorgamento do presente documento, a cuxo fin

### **MANIFESTAN**

Que é competencia propia da Deputación o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, tal como establecen os artigos 109 e 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. A tal efecto o artigo 118 de dita Lei encomenda ás Deputacións no marco da administración dos intereses da provincia, a creación, conservación e mellora dos servizos que contribúan ao seu fomento, e en especial da conservación de monumentos histórico-artísticos.

#### RÉGIMEN JURÍDICO. RECURSOS ADMINISTRATIVOS CONTRA ACUERDOS DE LA ENTIDAD.

### Artículo 31.- Vigencia de los Estatutos

1. Los presentes estatutos una vez aprobados y constituida formalmente la Entidad, serán vinculantes para la Administración y los miembros de la misma.

2. Cualquier modificación de los Estatutos que por la Asamblea General de la Asamblea se acuerde, requerirá la aprobación del Ayuntamiento de Vigo para surtir plenos efectos.

### Artículo 32.- Ejecutoriedad.

Los actos y acuerdos de los Órganos de Gobierno de la Entidad serán ejecutivos, salvo aquéllos que precisen autorización ulterior de Órganos Urbanísticos.

### Artículo 33.- Recursos.

1.- Contra los acuerdos, expresos o tácitos del Consejo Rector y de la Asamblea General podrán formularse recurso de alzada ante el Ayuntamiento de Vigo, en el plazo de un mes desde su notificación expresa para los asistentes a la Asamblea o el Consejo Rector, y desde su notificación expresa para los no asistentes. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución será de tres meses, conforme a lo dispuesto en el artículo 122.2 de la Ley 39/2015 del Procedimiento Administrativo Común. Transcurrido este plazo sin que recaiga resolución se podrá entender desestimado dicho recurso por silencio administrativo. La resolución expresa dictada por el Ayuntamiento de Vigo, y la desestimación presunta por silencio del recurso de alzada en cuestión, agotarán la vía administrativa, quedando abierta para el recurrente la posibilidad de interponer recurso en el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

2.- Sólo están legitimados para recurrir los acuerdos de la Asamblea y del Consejo Rector los miembros de la Entidad que no hayan votado a favor o se hayan abstenido del acuerdo que se impugne.

3.- Para el ejercicio por los asociados de acciones civiles o mercantiles contra la Entidad será necesaria la previa formalización de los recursos administrativos previstos en estos Estatutos.

4.- Los acuerdos de los órganos de gobierno serán considerados firmes si no fueran impugnados en el plazo y con las condiciones señaladas en los párrafos precedentes.

## CAPÍTULO VII

### DISOLUCIÓN Y LIQUIDACIÓN

#### Artículo 34.- Disolución.

Este Entidad será disuelta cuando su existencia resulte innecesaria por asumir íntegramente el Ayuntamiento de Vigo la conservación de la urbanización, o bien cuando finalizase el plazo previsto en el planeamiento aplicable o en el art. 7 de los presentes estatutos; así como por las demás causas previstas en la legislación vigente. Para su disolución se requerirá el acuerdo expreso del Ayuntamiento de Vigo.

#### Artículo 35.- Liquidación.

Acordada válidamente la disolución de la Entidad, se nombrará por la Asamblea o el Consejo Rector una comisión de liquidación que procederá a la liquidación de las deudas y cobros pendientes, distribuyéndose su crédito o su remanente entre los miembros, en proporción a sus respectivas cuotas.

#### Artículo 36.- Régimen supletorio.

En lo no regulado en estos Estatutos se estará a lo dispuesto en la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, y el Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia, o la normativa que los sustituya.

#### Disposición Adicional

La entrega de copia de los presentes Estatutos al adquirente se hará constar en todas las escrituras de transmisión de solares incluidos en el ámbito del POL VI PEPRI BOUZAS.



**Concello de Vigo**

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I. Normativa examinada.

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e as súas modificacións,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### II.- Conservación das obras de urbanización

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante LSG) no seu artigo 96.6, dispón que a conservación da urbanización lle corresponderá ao Concello. Porén, establece, de seguido, que o planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos soares resultantes da execución da urbanización de constituírense nunha entidade urbanística de conservación (en diante EUC). Neste suposto, a conservación lle corresponderá a esta entidade, polo prazo que sinala o Plan.

Na fundamentación xurídica do informe que serviu de base á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, advertíase xa da necesidade de que con anterioridade ao inicio das obras, se procedese pola Xunta de compensación a redactar e elevar ao Concello os Estatutos dunha futura entidade de conservación das obras de urbanización, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

Asemade, o vixente PXOU-93 do Concello de Vigo recolle dita obriga, nos termos referidos no artigo 3.2.3.5 das súas NN.UU dispoñendo na súa literalidade que, (...) *De acordo co disposto nos artigos 25.3 e 68 do RG constituíranse entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais.*

Neste senso, no punto terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 13.01.2022 advertíase á promotora, tal e como se ten sinalado no expositivo, que debería proceder a redactar e achegar ao Concello, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, e unha vez aprobados polo órgano municipal

competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización, á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

### III.- Entidades urbanísticas de conservación

O amentado artigo 96.6 da LSG define as EUC como entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e con personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins, adiando os requisitos de constitución e inscrición no rexistro administrativo correspondente e o contido mínimo dos seus Estatutos ao que se determine regulamentariamente.

### IV.- Obrigas de incorporación e cotas de conservación

Así as cousas, o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (en diante RLSG), nos seus artigos 232 e 233, desenvolve os principios xerais da conservación da urbanización e das cotas de urbanización das persoas propietarias dos soares incluídos no eido de conservación, que quedarán incorporados obrigatoriamente á EUC e que deberán contribuír aos gastos de conservación en proporción ao seu aproveitamento urbanístico. No caso de que sobre as parcelas se constituíran réximes de propiedade horizontal, a contribución dos propietarios na referida obriga de conservación e mantemento determinarase pola cota de participación, con relación ao total do valor do inmovible que teña asignada cada comunidade. Cotas de conservación que serán obrigatorias e exixibles pola vía de constrinximento.

### V.- Réxime xurídico das EUC

O RLSG, no capítulo VIII “Entidades urbanísticas colaboradoras” do seu Título IV, adicado á “Execución do Planeamento Urbanístico”, inclúe dentro desta categoría ás entidades urbanísticas de conservación, como entidades de dereito público que poden constituírse mediante a transformación doutra entidade urbanística colaboradora preexistente ou ser de nova creación, para os fins específicos de conservación.

Será obrigatoria a constitución das ditas entidades sempre que, coma no caso que nos ocupa, o deber de conservación das obras de urbanización recaia sobre os propietarios comprendidos nun ámbito en virtude do plan ou do acordo plenario que respecto diso se adopte, segundo o disposto no artigo 232.3.

A pertenza á entidade de conservación será obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial. A súa constitución determina a afección das parcelas dos seus membros, con carácter real e mediante inscrición rexistral, aos fins e obrigas da entidade. A dita afección farase constar por nota marxinal no Rexistro da Propiedade, a cal se redactará a instancia da entidade urbanística de conservación.

As entidades urbanísticas colaboradoras rexeranse polos seus Estatutos e polo disposto no amentado capítulo e no resto de artigos que lles sexan de aplicación e delas formará parte un representante do Concello. Teñen, en virtude do artigo 323 do RLSG, carácter administrativo e dependencia da administración urbanística actuante; neste caso o Concello que as tutela. A personalidade xurídica de seu enténdese adquirida no intre da súa efectiva constitución.



## Concello de Vigo

A constitución das EUC está pautada no artigo 324.2 do RLSG, que obriga ás persoas promotoras e lexitimadas (sempre referidas en plural), a redactar uns estatutos co contido do art. 300 do RLSG e de elevalos ao Concello para a súa aprobación.

Neste caso, o borrador achegado, axústase ao ordenamento xurídico de aplicación, polo que procede propor, agás criterio mellor fundado en dereito, a súa aprobación polo órgano municipal competente.

Trala aprobación municipal dos Estatutos, a Xunta de compensación, xunto coa persoa representante da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, procederán á constitución da EUC en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, co contido previsto no devandito artigo e unha vez constituída darase traslado dunha copia autorizada da escritura a esta XMU, o que determinará a adquisición da súa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar. A constitución da EUC, deberá estar materializada con anterioridade á recepción das obras de urbanización do polígono.

Remítimonos, por mor das necesarias concisión e brevidade, ao contido dos artigos 325 a 328 do RLSG, ao respecto da subrogación, adopción e impugnación de acordos e disolución e liquidación.

Asemade, no que atinxe á vixencia, aplícase o prazo máximo de cinco anos dende a recepción municipal das obras de urbanización ou tralo transcurso do prazo de tres meses sinalado no artigo 96.5 parágrafo segundo da LSG, así como a teor do disposto no artigo 19 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

### VI.- Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL, previo ditame do Consello da XMU, ao entenderse a constitución da Entidade de Conservación directamente anoada ao instrumento de xestión aprobado.

Polo canto antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Prestar aprobación aos «Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono VI do PEPRI de Bouzas» inseridos pola súa Xunta de Compensación no Rexistro electrónico da Xerencia Municipal do Concello de Vigo, con data do 25.04.2023 (Cod. Sol.: W899735-676) .

**SEGUNDO:** Dispoñer que se proceda a constitución en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente da Entidade Urbanística de Conservación, e a anotación no Rexistro da Propiedade, mediante nota á marxe e en cada unha das parcelas de resultado do proxecto de equidistribución aprobado, da obriga de pertenza á entidade de conservación que se aproba por este acto e cuxos Estatutos serán publicados na sede electrónica municipal, así como da afección real das referidas parcelas aos fins e obrigas de conservación e mantemento da entidade, incluso antes de que sexa constituída, consonte ao disposto no artigo 322.3 do RLSG e durante un prazo de cinco anos a contar dende a recepción da totalidade das obras de urbanización.

A referida anotación deberá realizarse unha vez adoptado e publicado este acordo aprobatorio e os Estatutos na sede electrónica do Concello e, en todo caso, con anterioridade á recepción das obras de urbanización.

TERCEIRO: Dispoñer en consecuencia que, en canto que non se constituía a Entidade Urbanística de Conservación, a Xunta de compensación asumirá a totalidade das obrigas de conservación e mantemento ás que se refiren os Estatutos, durante o tempo que medie entre a recepción das obras de urbanización e ata que, unha vez constituída a entidade, se dea traslado á Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, dunha copia autorizada da escritura, o que determinará a adquisición da personalidade xurídica e capacidade de obras da EUC ou ben ata que transcorra o prazo de cinco anos dende a recepción da totalidade das obras de urbanización.

CUARTO: Designar como representante desta Administración municipal na entidade urbanística que se poida constituír, aos efectos previstos na lexislación de aplicación, ao Concelleira/o que ostente a delegación da Área de Urbanismo do Concello de Vigo (atribución que poderá ser delegada nunha funcionaria/o de carreira da XMU, correspondente á escala A, subescala A1, adscrita á Área de Desenvolvemento Urbanístico).

QUINTO: Dispoñer a publicación do anuncio desta acordo, por conta da Xunta de compensación, no “Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra” e, xunto cos Estatutos aprobados, na sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>), así como a notificación ás persoas interesadas no procedemento, con ofrecemento do réxime de recursos procedentes.

Asemade, darase conta deste acordo aos servizos municipais pertinentes, para o seu coñecemento e aos oportunos efectos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano resolutorio, decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia Municipal de Urbanismo de data 16/05/2023.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de adxudicación da contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán Xove: actividades de conciliación familiar”. Expte. 9643/336.
- .- Aprobación definitiva do proxecto de normalización de predios no ámbito do solo urbano consolidado BC-R02 e BC-R01 da modificación puntual do PXOU 1993, BARRIO DO CURA. Expte. 5292/401.



## Concello de Vigo

- Corrección de erros no expediente de contratación do servizo de gravación e produción sesións plenarias e subministro de software. Expte. 19054/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **14(389).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA “VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR”. EXPTE. 9643/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 24/05/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 23 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Autorizar o gasto de 541.058,64 € correspondente ao orzamento base de licitación do Programa Verán Xove: actividades de conciliación familiar, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 3.800 prazas de actividades para o verán 2023.*

*O orzamento para o ano 2023 imputarase ás partidas orzamentarias :*

*3370 227 9912. Campamentos do verán, por importe de 368.000€, dos que 118.000€ serán con cargo ao Proxecto 22337002.*

*3370 226 0902 (Proxecto 22337002) Actividades de prevención familiar e comunitaria por importe de 44.508 € e 125.450€ con cargo a remanentes.*

*3370 227 9903 (Proxecto 22337002) Prestación de servizos por importe de 3.100,64€ con cargo a remanentes consumindo crédito da partida.; coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:*

LOTES	PREZO SEN IVE
LO LOTE 1	31.698,99 €
LO LOTE 2	31.698,99 €
LO LOTE 3	31.698,99 €
LO LOTE 4	42.062,13 €
LO LOTE 5	49.182,09 €
LO LOTE 6	37.186,25 €
LO LOTE 7	42.062,13 €
LO LOTE 8	31.698,99 €
LO LOTE 9	42.062,13 €
LO LOTE 10	31.698,99 €
LO LOTE 11	31.698,99 €
LO LOTE 12	54.046,52 €
LO LOTE 13	35.076,31 €
<b>TOTAL</b>	<b>491.871,50€</b>

*2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Programa Verán Xove: Actividades de conciliación familiar, para un total de 3.800 prazas no verán 2023 de data 22 de marzo 2023, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 27 de febreiro e a Memoria xustificativa do contrato de data 20 de marzo 2023.*

*3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente” .*





## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:*

- *Sesión do 25 de abril de 2023 polo que non se admite a BARAFUNDA, S.L. nos lotes 2, 3, 9, 10 e 11 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP.*
- *Sesión do 3 de maio de 2023 polo que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
  - *LEONARDO BRANDAO RODRÍGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)*
  - *SERVIPLUSTOTAL, S.L (lote 13)*

*Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 11 de maio de 2023:*

1. *SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)*
2. *ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336) na seguinte orde descendente:*

<b>LOTE 1. Campamento verán 1. Alcobre e praia</b>	
<b>CLASIFICACIÓN POR ORDE</b>	<b>Puntuación total</b>
<b>1 DANIELA ALVITE WAISMAN</b>	<b>92,00</b>
2 KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,13
3 SERVIPLUSTOTAL S.L	75,56
4 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	72,61
5 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	55,28

<b>LOTE 3. Campamento verán 3. Centro cidade</b>		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
<b>1</b>	<b>ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ</b>	<b>85,00</b>
2	SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28
3	SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

<b>LOTE 4. Campamento verán 4. Pavillón de Coia</b>		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
<b>1</b>	<b>ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ</b>	<b>81,28</b>
2	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,08
3	ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
4	SERVIPLUSTOTAL S.L	61,12

<b>LOTE 5. Campamento verán 5. NÁUTICO 1</b>		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
<b>1</b>	<b>TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L</b>	<b>92,00</b>

<b>LOTE 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2</b>		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
<b>1</b>	<b>SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U</b>	<b>85,00</b>
2	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	48,46

<b>LOTE 7. Campamento verán 7. NAVIA</b>		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
<b>1</b>	<b>DANIELA ALVITE WAISMAN</b>	<b>92,00</b>
2	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,08
3	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	79,16
4	SERVIPLUSTOTAL S.L	61,12



## Concello de Vigo

<b>LOTE 8. Campamento verán 8. Samil e praia</b>	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
<b>1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ</b>	<b>78,27</b>
2 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
3 SERVIPLUSTOTAL S.L	74,68
4 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	44,78

<b>LOTE 10. Campamento verán 10. Vigozoo</b>	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
<b>1 UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA.</b>	<b>82,52</b>
2 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	77,87
3 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
4 SERVIPLUSTOTAL S.L	71,06

<b>LOTE 11. Campamento verán 11.CEIP</b>	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
<b>1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ</b>	<b>85,00</b>
2 SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

<b>LOTE 12. Campamento verán 12. Travesas</b>	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
<b>1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U</b>	<b>92,00</b>

<b>LOTE 13. Campamento verán 13. Vigozoo albergue con pernocta</b>	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
<b>1 UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA.</b>	<b>99,00</b>

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada lote, DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843) (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R) (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (B-27.753.573) (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) (lotes

10 e 13), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Quinto.-** En aplicación do previsto no apartado 2D do Anexo I -FEC- do PCAP, dado que ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ resultou clasificada en máis de 3 lotes (lotes 3, 4, 8 e 11), concédeselle un prazo de 3 días para que escolla os 3 lotes dos que quere ser adxudicataria.

**Sexto.-** Á vista da elección de ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ, o Servizo de Contratación procederá a requirir a correspondente documentación ao licitador clasificado en segundo lugar no lote que non elixa”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificado en primeiro lugar en cada lote, DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843) (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R) (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (B-27.753.573) (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) (lotes 10 e 13), o día 16 de maio de 2023.

**Cuarto.-** O 18 de maio de 2023, D<sup>a</sup>. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ, clasificada en primeiro lugar nos lotes 3, 4, 8 e 11, comunica a súa intención de escoller os lotes 3, 8 e 11.

**Quinto.-** Todos os licitadores presentan a documentación dentro do prazo concedido.

**Sexto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



## Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DANIELA ALVITE WAISMAN (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lotes 10 e 13), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de abril e 11 de maio de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:*
  - *Sesión do 25 de abril de 2023 polo que non se admite a BARAFUNDA, S.L. nos lotes 2, 3, 9, 10 e 11 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP.*
  - *Sesión do 3 de maio de 2023 polo que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
    - *LEONARDO BRANDAO RODRÍGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)*
    - *SERVIPLUSTOTAL, S.L (lote 13)*
2. *Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de maio de 2023. dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 11 de maio de 2023:*

- *SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)*
  - *ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)*
3. Adxudicar a *DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F)* os lotes 1 e 7 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336) coas seguintes condicións:
- *Lote 1 Campamento verán 1. Alcabre e praia*
    - *O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.*
    - *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
  - *Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA*
    - *O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.*
    - *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
4. Adxudicar a *ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843)* o lote 2 “Campamento verán 2. Berbés” do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336) coas seguintes condicións:
- *O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.*
  - *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*
5. Adxudicar a *ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R)* os lotes 3, 8 e 11 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336) coas seguintes condicións:
- *Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade*
    - *O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.*
    - *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*



## Concello de Vigo

*- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia*

- *O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*

*- Lote 11. Campamento verán 11.CEIP*

- *O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*

*6. Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIASENTADA, S.L.U. (B-27.753.573) o lote 5 "Campamento verán 5. NÁUTICO 1" do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
- *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*

*7. Adxudicar a SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) os lotes 6, 9 e 12 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:*

*- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2*

- *O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
- *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*

*- Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico*

- *O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
- *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*

*- Lote 12. Campamento verán 12. Travesas*

- *O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
- *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*

8. *Adxudicar á UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os lotes 10 e 13 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:*

*- Lote 10*

- *O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*
- *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*

*- Lote 13*

- *O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.*
- *Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.*





## Concello de Vigo

9. *Adxudicar a KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. o lote 4 “Campamento verán 4. Pavillón de Coia” do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(390).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS NO ÁMBITO DO SOLO URBANO CONSOLIDADO BC-R02 E BC-R01 DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU 1993, BARRIO DO CURA. EXPTE. 5292/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/05/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES E FEITOS**

Examinado o presente expediente tramitado baixo o número 5292/401, incoado en data 02 de marzo de 2022 pola entidade Barrio do Cura Desarrollo SL , en solicitude de tramitación do Proxecto de normalización referido na cabeceira, co obxecto de proceder a unha operación de reorganización da propiedade no solo urbano consolidado do ámbito do Barrio do Cura, e coa finalidade de adaptar a configuración física das parcelas á aliñación prevista pola Modificación puntual do PXOU/1993, emítese o seguinte informe con proposta de acordo, resultando como Antecedentes máis salientables, os que seguen:

I.- O Concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993). Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019 ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG do 26.08.2019 e BOP do 20.09.2019. O ámbito obxecto da modificación puntual non está afectado por ese Instrumento de Ordenación Provisional. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello foi aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007).

II.- Logo da preceptiva tramitación consonte a normativa de aplicación, con información pública e oficial, con data do 23.07.2021 o Pleno do Concello de Vigo, acordaba prestar aprobación, con carácter definitivo, á Modificación puntual do PXOU/1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, instrumento de iniciativa pública promovido por esta administración, documentación presentada polo equipo redactor no rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 30.06.2021 (Cod. Sol.: W572571-5583), na súa versión definitiva e que inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, datada en xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández con data 29.06.2021;

Mediante Resolución da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 29 de outubro de 2021, dispoñíase a inscrición da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana para a reordenación do ámbito do barrio do Cura (expediente 16980/411), no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, folla rexistral nº 47, co número de rexistro ROTPG/P/65/2021, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

En cumprimento do disposto no amentado acordo Plenario de aprobación definitiva, procedeuse a publicación no Diario Oficial de Galicia núm.160 do 20.08.2021, e das súas normas e ordenanzas, no BOP núm.217 do 11.11.2022 , polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

III.- Con data do 07 de xuño de 2022, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, de conformidade coa proposta asinada conxuntamente pola técnica de administración xeral do servizo de planeamento e xestión e a Xefa da Área de desenvolvemento urbanístico, co conforme do Xerente de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo:

*“(..) Primeiro.- Proceder á aceptación da delimitación do ámbito de normalización de predios, proposta pola entidade Barrio do Cura, SLU, abrangendo dous ámbitos, unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m<sup>2</sup> e 22 predios, co 90,61% (3168,52m<sup>2</sup>) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m<sup>2</sup>) para unha futura normalización independente; e outra parte a correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2281,44m<sup>2</sup> e 14 predios.*

*Segundo.- Dar traslado do presente acordo, a todos os interesados no presente procedemento.*

IV.- En cumprimento do dito acordado, procedeuse en legal forma, á notificación a todos os interesados no presente procedemento, e así consta acreditado no expediente dixital de razón.

V.- Trala achega polo equipo redactor, de diferentes versións da documentación técnica integrante do presente proxecto de normalización de predios en datas 02.03.2022, 12.04.2022,04.07.2022,20.09.2022, 04.10.2022, 02.12.2022, 22.12.2022 e 16.01.2023 , en cumprimento de senllos requirimentos municipais á vista dos informes técnicos que obran no expediente, finalmente con data do 16 de xaneiro de 2023, a entidade promotora da presente actuación, insería no Rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo,(Cod. Sol. W847122-9418 e Doc. Núm.230012809 ) documento refundido do “Proxecto de Normalización de predios do Solo Urbano Consolidado BC-R01 e BC-R02 do Barrio do Cura, redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández e o arquitecto Cesar Álvarez Arines, datado en decembro de 2022, e asinado con firma dixital válida o 13.01.2023, que anula e substitúe a todas as anteriores versións presentadas.

VI.- Neste estado da tramitación, con data do 02 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, - previo ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 24.01.2023-, adoptou o seguinte Acordo,



## Concello de Vigo

*“(..)Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao documento nomeado “Proxecto de Normalización de predios do solo urbano consolidado BC R02 e BC R01” da Modificación puntal do PXOU de 1993, para a ordenación do ámbito do Barrio do Cura”, promovido pola entidade Barrio do Cura,SL, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 16 de xaneiro de 2023 (Cod.: Sol. W847122-9418 e oc. Núm.230012809 ) documento refundido redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández e o arquitecto Cesar Álvarez Arines, datado en decembro de 2022, e asinado con firma dixital válida o 13.01.2023, que anula e substitúe a todas as anteriores versións presentadas, abrangendo dous ámbitos, unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m2 e 22 predios, co 90,61% (3168,52m2) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m2) para unha futura normalización independente; e outra parte a correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2281,44m2 e 14 predios.*

*Segundo.- Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación integrante do mesmo, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica.*

*Terceiro.- Proceder á notificación do presente acordo, a todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.”(..).*

VII.- En cumprimento do dito acordado, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de senllos anuncios no BOP núm.43, de data 02 de marzo de 2023 , na Web e na Sede electrónica municipal; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 18.05.2023, incorporada ao expediente electrónico de razón.

Consta asemade, certificación expedida con data do 18.05.2023 polo Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XM, na que se fai constar que,

VIII.- Os anteditos escritos de alegacións foron trasladados oficialmente á entidade Barrio do Cura, SL, e así consta acreditado no expediente electrónico de referencia, aos efectos do seu estudo e a emisión do informe que corresponda, tralo estudo das mesmas; Así, con data do 12.05.2023 (Cod. Sol.- W908869-3925; Doc. 230138579) a entidade Barrio do Cura SL, insería no rexistro electrónico da XMU, informe ás alegacións presentadas á aprobación inicial do dito Proxecto de Normalización, que se incorpora ao presente expediente como Anexo e lle serve de motivación, consonte co disposto no artigo 88.6 da LPACAP, cuxos fundamentos e motivos se fan propios, do xeito e co resultado que se indican ao longo do presente.

IX.- Así as cousas, con datas 12.05.2023 e 15.05.2023 respectivamente, a entidade “Barrio do Cura Desarrollo, SL”, achegaba a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo ( Cod. Sol.- W908869-3925;W909633-3922 e Doc. 230138579; 230139599-), solicitude asinada por David Ventoso Razón aos efectos de que se proceda a aprobación definitiva do presente expediente, e ao que xunta documentación consistente en: Informe sobre as alegacións presentadas á aprobación inicial do proxecto de Normalización de predios no ámbito do solo urbano Consolidado BC R02 y BC R01, Barrio del Cura, e Documento Refundido do proxecto de Normalización aos efectos da súa aprobación definitiva.

X.- Elevado o expediente completo a arquitecta xefa da área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 18.005.2023 emite informe técnico do seguinte teor literal,  
(..) *Antecedentes*

Á vista das alegacións achegadas ao presente expediente, no respectivo período de información pública do acordo de aprobación inicial- incorporadas ao expediente electrónico 5292/401, emítese o seguinte informe co alcance técnico de estudo dos diferentes escritos de alegacións recibidos, sinalando que aos efectos da redacción do presente informe tívose en conta o informe ás alegacións elaborado polos técnicos redactores do proxecto que nos ocupa, - que se incorporará como Anexo na proposta de aprobación definitiva; Polo tanto, tomáronse en consideración para a elaboración do presente informe, as xustificacións, fundamentos e propostas aportadas polos técnicos redactores do presente proxecto de Normalización de Predios.

#### *Informe técnico*

A) Doc. núm. 230055236, solicita copia do Convenio Urbanístico entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura SL, polo que, non se pode considerar unha alegación en se mesma.

B) Doc. núm. 230061512, en resumo, alega o que segue,

I) Aporta a documentación necesaria para demostrar a subrogación do contrato de aluguer por falecemento do cónyuge, libro de familia, certificado de empadramento, recibos de aluguer e suministros, certificado de grado de discapacidade, etc.

*Acredita a ocupación legal da vivenda e a subrogación do contrato de alugueiro do seu marido falecido.*

II) A aprobación do Proxecto de Normalización pretende materializar un proceso especulativo e a finalidade é expulsala da vivenda.

*A finalidade do Proxecto de Normalización é axustar as parcelas actuais a ordenación detallada aprobada, que neste caso, con leva a extinción do dereito de alugamento*

*Procede a súa desestimación*

III) Expediente incompleto na web. Non ten constancia da xustificación da delimitación. Nulidade do trámite de aceptación do ámbito porque e o acordo non lle foi notificado como interesada.

*Na notificación enviada coa aprobación inicial expresase que ...."Sométese o expediente inicialmente aprobado, con toda a documentación integrante do mesmo, ao trámite de información pública polo prazo de un (1) mes,...." e incorporase un enlace da versión do proxecto aprobado inicialmente. O expediente administrativo 5292/401 está completo e constan todas as entregas feitas pola promotora, tanto as previas á aceptación do ámbito como as posteriores.*

*O trámite de aceptación do ámbito polo Concello, foi notificado aos propietarios titulares rexistrados e catastrais. A súa identificación como parte interesada prodúcese nesta alegación. Segundo o artigo 280.4 do RLSG a delimitación das zonas de normalización pode efectuarse no propio proxecto de normalización, neste caso a aprobación definitiva do ámbito se producirá coa aprobación definitiva do proxecto de normalización e dicir o procedemento está en trámite, maila o anterior, na alegación non expresa ningunha observación ou consideración á delimitación do ámbito, tan só á ausencia da notificación. A ausencia de notificación non invalida o procedemento.*

*Procede a súa desestimación*



## Concello de Vigo

*IV) Incorrección nos datos do edificio Santa Marta nº 8 en base aos coeficientes de participación pola superficie dos locais do inmoble. Son incorrectas certas medidas que serven de xustificación para o cálculo da parcela mínima. Compensación con as parcelas municipais para alcanzar a parcela mínima sinalada. Incorrecta valoración del local pertencente a Barrio del Cura S.L. Nas parcelas municipais dedúcense os gastos de urbanización o cal resulta inadmisibile e non axustado ao convenio. Todos os cadros, contas, valores e compensacións están mal e infrinxen a legalidade vixente.*

*Os porcentaxes de participación cóllense dos títulos no rexistro da propiedade e no catastro, ambos coincidentes, e correspóndense coa división horizontal do edificio. A valoración, os cadros e as compensacións económicas son o resultado de ditos porcentaxes.*

*No que respecta á parcela mínima temos que remitirnos ao apartado 2.3.2.2, Normativa Urbanística da Ordenanza BC R02 da Modificación Puntual, definitivamente aprobada e firme en vía administrativa e xudicial, para parcelas existentes ou agrupación de existentes non existe parcela mínima, será aquela que poida acoller unha vivenda e poda resolver o acceso e reserva das prazas que lle correspondan por razón de uso. Nin a parcela inicial P-18 cun fondo duns escasos 12,00m pode resolver o acceso e a comunicación vertical aos sótanos, nin as zonas de manobra nin as prazas de aparcadoiro, como se explica no informe técnico de data 12 de maio de 2023 do equipo redactor. Nin tampouco coa agrupación da superficie municipal de 70,43 m<sup>2</sup> das parcelas colindantes P-14 e P-22 coas que alcanzaría os 188,34 m<sup>2</sup>. De superficie non se aumentaría o fondo. Por outra parte a mesma normativa urbanística para os efectos de parcelacións, segregacións ou operacións de regularizacións de predios esixe que a superficie mínima da parcela será a resultante dunha fronte de 8,00m. polo fondo edificable fixado, neste caso á Ru Santa Marta correspóndelle un fondo de 23,00m, superficie de 184,00 m<sup>2</sup>, mas non so ten que cumprir a superficie se non o fronte e o fondo.*

*A dedución de custes de urbanización nas parcelas municipais adaptase á estipulación Segunda, apartado 2, base B do "convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura Desarrollo S.L.U. para o desenvolvemento da Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrio do Cura", asinado con data 15/11/2021, na que se establece que nas parcelas municipais os custes de urbanización serán afrontados por Barrio do Cura Desarrollo S.L.U.*

*Procede a súa desestimación*

V) O título da parcela nº 14 é incorrecto. As parcelas destinadas a viario e adxudicadas a o concello de Vigo, B e C, non necesitan unha Normalización xa que poden ser obxecto de simple cesión, incumpre a lexislación vixente e non polo tanto inscribibles no Rexistro da Propiedade.

*A normalización non se realiza polas parcelas de cesión obrigatoria se non pola inedificabilidade ou inadecuación ao planeamento do resto das parcelas iniciais.*

*Estímase parcialmente a alegación, no que atinxe ao título da parcela núm. 14, que semella incorrecto.*

VI) Aporta un informe técnico redactado por Francisco José Castro Fernández, onde expresa o dereito de realoxo e unha valoración para o suposto de extinción de arrendamento, que eleva a renda media actual a 751,56€/mes para a zona, o que arroxa un resultado de 108.855,97 € de indemnización por extinción do arrendamento e gastos de traslado.

*A alegante expresa en primeiro lugar, apartado 3 do informe, o dereito de realoxo como ocupante legal da vivenda e, no suposto de extinción de arrendamento, apartado 4, unha indemnización maior a fixada no proxecto.*

*Coa valoración achegase un estudo de mercado, con 13 testemuñas nas que, por a localización, a existencia de ascensor, praza garaxe ou rocho, ou pola antigüidade do edificio non están correctamente homoxeneizadas co piso obxecto de valoración e non xustifican o valor da renda achegado.*

*Estímase parcialmente a alegación, respecto dos gastos de portes ou traslado pola extinción do arrendamento, aceptando a cantidade alzada solicita.*

*SOLICITA se incorpore como interesada no procedemento e seu dereito ao realoxo, a revisión ou anulación da delimitación por non axustado a dereito, deixar sin efecto o proxecto de normalización e subsidiariamente aceptar sua valoración.*

C) Doc. Ním. 230062487 complementa a suplica da alegación engadindo o dereito de retorno, omitido no documento anterior.

*Como as propietarias da vivenda que ocupa a inquilina non teñen dereito edificatorio recoñecido, non poden ofrecerlle o retorno, entende o proxecto de Normalización que ese dereito extínguese e fixa unha indemnización correspondente neste suposto, non se contempla inicialmente o dereito de realoxo e retorno. Pero o dereito de realoxo e retorno pode exercitarse fronte o propietario da nova edificación, neste caso Barrio do Cura SL, e polo tempo que reste ata a finalización do contrato.*

*Procede desestimar o dereito de realoxo e/ ou retorno*

D) Doc. Núm. 230073050 , Achega as seguintes alegacións:

I) Titularidade dos locais

*Recoñecemento dos novos titulares de pleno dominio por terceiras partes indivisas dende a aceptación da herdanza e que corroboran os certificados rexistrais actualizados.*



## Concello de Vigo

*Procede a súa estimación*

II) O contido do proxecto de Normalización do ámbito do Suelo Urbano Consolidado BC-R02 encubre unha redistribución de beneficios e cargas dos propietarios afectados, así como a expropiación forzosa de todos os bens e dereitos dos propietarios minoritarios.

*A reparcelación é propia dos solos urbanos non consolidados onde existen operacións de distribución de beneficios (edificabilidade) e cargas (xestión, cesións de aproveitamento, gastos de urbanización). Neste suposto estamos nun proceso de normalización de regularización dos lindes das parcelas para adaptarse ao planeamento, non hai cesións nin minoración dos aproveitamentos a favor do concello. A adaptación das configuración das parcelas ao planeamento é un deber legal dos propietarios, art. 20.c) da LSG. O proxecto de Normalización recolle a posibilidade prevista no artigo 110 da LSG de indemnización en metálico para as variacións no valor das fincas*

*Procede a súa desestimación*

III) Achega unha valoración, na que considera que o coeficiente K que pondera a totalidade dos gastos xerais, incluídos financiación, xestión, promoción e beneficio empresarial non pode ser 1,50 que é o máximo previsto pola lexislación estatal de valoracións, para actuacións de extraordinaria localización, alta calidade da tipoloxía e risco previsible da actuación. Considerando un coeficiente 1,45 como máis adecuado porque estamos na parte máis baixa da actuación, sen vistas, fronte a edificios de máis de 50 anos e nunha zona sen actividade comercial.

*Xustifícase o uso do coeficiente 1,50 pola consideración de que o Barrio do Cura non é unha promoción ao uso, polo seu tamaño máis de 360 vivendas con cargas de urbanización, no centro histórico de Vigo, cando menos é unha promoción singular.*

*Sinala un valor unitario en venta do uso residencial de 3418€/m<sup>2</sup> en vez de 3122,15€/m<sup>2</sup> para a parcela 18 polo emprazamento, a posición, a calidade do entorno, vistas no conxunto.*

*Non esta suficientemente xustificado o valor indicado, compara coas outras ordenanzas da ordenación, colle a ubicación que máis favorece para elevar o valor*

*Aplica as cuotas de participación do inmovible en función da superficie útil dos locais, emprazamento e uso e non pola división horizontal.*

*Os porcentaxes de participación cóllense dos títulos no rexistro da propiedade e no catastro, ambos coincidentes, e correspóndense coa división horizontal do edificio. A valoración, os cadros e as compensacións son o resultado de dítos porcentaxes.*

*Procede a súa desestimación*

*Solicita: se teñan como persoados e lexítimos interesados no expediente, se acorde o sobreseimento e arquivo do proxecto de Normalización do ámbito BC-R01 e BC-R01 e subsidiariamente se eleva a valoración dos seus bens a 686.915,72€*

*Procede estimar parcialmente a alegación no sentido do informe.*

E) Doc. Num. 230080005 .

*I) Sobre o alcance das normalizacións de predios de adaptar a configuración física das parcelas as determinacións do planeamento urbanístico, a diferenza de valores de las parcelas se compensaran en*

metálico, no PGOU-93 non contén ningunha previsión acerca da normalización de fincas, achega xurisprudencia para diferenciar entre unha normalización e unha reparcelación.

II) Ausencia de aprobación da delimitación da zona de normalización de predios, consta a aceptación (Consello de Xerencia de 7/6/2022) pero non a aprobación polo órgano municipal competente.

Neste expediente o procedemento da delimitación do ámbito iniciouse a instancia de parte, coa memoria e planos xustificativos, a aceptación municipal ao ámbito de normalización se levou a cabo polo Consello de Xerencia do 7/06/2022 e someteuse á audiencia dos interesados polo prazo dun mes, segundo o artigo 110.2 da LSG e o artigo 282.1 do RLSG durante dito período non presentáronse alegacións relativas á delimitación do ámbito.

A delimitación do ámbito aceptada queda incorporada ao procedemento de tramitación do proxecto de normalización, coa aprobación inicial polo consello de Xerencia de 24/01/2023 e Xunta de Goberno Local de 2/02/2023 e, no futuro, co acordo de aprobación definitiva do proxecto de normalización, implicará a aprobación da delimitación nel contida polo órgano municipal competente.

O mesmo caso sucede na tramitación do planeamento de desenvolvemento non delimitado nos planes xerais e nos axustes de calquera ámbito delimitado, a nova delimitación vaise aprobando coa tramitación do instrumento, sempre coa audiencia aos titulares das parcelas afectadas.

Procede desestimar a alegación.

III) O proxecto de normalización incumpre a normativa de aplicación.

Expresa que o motivo que xustifica a normalización non é adaptar a configuración física das parcelas as aliñacións previstas na MP, ni a cesión ao concello dos terreos fora de aliñacións.

A análise detallada tería que facerse de todas as parcelas e non só das parcelas que non son propiedade do Barrio do Cura.

Os dereitos edificatorios están calculados para todas as parcelas do ámbito da normalización, a valoración indemnizatoria tamén están calculados para as parcelas completas ou inmobles onde exista un proindiviso con Barrio do Cura SL e por último non ten sentido calcular as indemnizacións das parcelas que son en exclusiva de Barrio do Cura SL.

Procede desestimar a alegación

Maíla que o Regulamento reconece a posibilidade de suprimir parcelas nun proceso de normalización, a Lei non, polo que dita previsión é nula de pleno dereito. Non está xustificada a supresión das parcelas de orixe cas previsións de planeamento, nin, na medida do posible, o mantemento do numero das parcelas preexistentes. O promotor non ten a liberdade de crear unha única parcela de resultado que non se axusta á finalidade da Normalización.

A xustificación da supresión das parcelas de orixe ven motivada pola estrutura parcelaria actual, as determinacións de planeamento, aliñacións e fondos edificables e incumprimento das condicións da parcela mínima sinalada no apartado 2.3.2.2 da Ordenanza BC-R02.

Procede desestimar a alegación

O alegante fai unha proposta de normalización de 15 parcelas e tamén expón a posibilidade alternativa de adxudicar aos propietarios minoritarios un proindiviso.





## Concello de Vigo

*No informe do equipo redactor do 12 de maio de 2023 exprésase que na proposta aínda que se podan cumprir con os frontes e fondos edificables non se cumpre coa dotación de garaxe aparcamento en función do uso e a intensidade, non son capaces de conter o zaguán de entrada, as ramplas de circulación ou montacoches, pasillos de circulación e prazas de aparcadoiro suficientes.*

*Tan só os propietarios que representan o 26,7% da titularidade da parcela P-19 solicitan a adjudicación en proindivís, no que asumen que a edificabilidade non alcanza o 15% do dereito edificatorio da parcela.*

*Procede desestimar a alegación*

*Non procede a creación, nin a adjudicación nin a cesión ao concello dos terreos afectados polas aliñacións. Trátase dunha reparcelación e non dunha normalización de predios.*

*A reparcelación é propia dos solos urbanos no consolidados onde existen operacións de distribución de beneficios (edificabilidade) e cargas (xestión, cesións de aproveitamento, gastos de urbanización). Neste suposto estamos nun proceso de normalización de regularización dos lindes das parcelas para adaptarse ao planeamento, non hai cesións nin minoración dos aproveitamentos a favor do concello. A adaptación das configuración das parcelas ao planeamento é un deber legal dos propietarios, art. 20.c) da LSG*

*As cesións produciranse coas licenzas de edificación. Nada impide documentar as parcelas normalizadas destinadas a viario municipal.*

*Procede desestimar a alegación.*

*Diferenza de 33,93 m<sup>2</sup> entre as parcelas iniciais 3.889,61m<sup>2</sup> e as parcelas normalizadas 3.855,68m<sup>2</sup>.*

*Comprobados os sumatorios, non se detecta ningunha diferenza, o sumatorio das parcelas iniciais e as normalizadas é de 3.855,68m<sup>2</sup> coincidentes.*

*Procede desestimar a alegación*

*Non se teñen en conta nas valoracións a indemnización correspondente por o cese das actividades económicas nos baixos.*

*O promotor opta por valorar o traslado da actividade de restaurante que se desenvolve nun dos baixos, e non polo cese. Eleva a indemnización por traslado en 23.720,70 €*

*Procede estimar a alegación*

*SOLICITA que se acorde a non aprobación definitiva do proxecto de normalización.*

*Procede desestimar a alegación*

*F) Doc. Núm. 23007881*

*- No doc 23007881 de data 29/03/2023 solicita copia dos documentos que integran o expediente da aceptación do ámbito, acordo do Consello de Xerencia de data 27/06/2022 e de determinados documentos do expediente 5292/401 de Normalización de predios do BC-R01 e BC-R02.*

O achegado é copia do escrito de 27/06/2022 doc 220163757 do trámite da aceptación municipal do ámbito, que se contestou en data 14/07/2022 e consta recibido pola interesada. No obstante o anterior e tratándose dun momento procedimental distinto o 24/04/2023 se lle comunicou a ligazón para consulta e descarga do expediente dixital.

Non pode considerarse unha alegación en se mesma.

- No doc 230081185 de data 31/03/2023 expón que a Normalización de Predios é contraria a dereito e lesiva para seus intereses e que a súa parcela non precisa de adaptación de a configuración física ás determinacións do PGOU achega as seguintes alegacións:

I) Titularidade, resulta propietaria do 100% por herdanza da súa nai dende 9/11/2020, da finca rexistral nº 60208, correspondente co piso 1º da Rúa Santa Marta nº 10, na parcela P-15 da Normalización. Ela está empradonada alí e o piso atópase habitado.

As certificacións rexistrais actualizadas xa recollen a titularidade correcta.

Estímase a alegación.

II) Acceso ao expediente, non se lle ten permitido o acceso ao expediente de Normalización solicitado en data 29/06/2022, alega indefensión. Na fase de información ao público da aprobación inicial do Proxecto de Normalización segue sen dispor documentación solicitada

No trámite de aceptación do ámbito previo á autorización do proxecto de normalización de predios se solicitou con data 29/06/2022, acceso e copia do expediente, e que foi contestada dende a Xerencia o 14/07/2022, que tendo en conta que todavía non se acordou a aprobación inicial do proxecto de normalización de predios, non se considera que o expediente sexa público, polo que se non se lle poden facilitar as copias solicitadas. De todos modos, sendo vostede parte interesada no presente procedemento, como titular de ben catastral do ámbito de referencia, pode consultar o expediente (sen a obtención de copias dos documentos obrantes no expediente, e previa disociación dos datos de carácter protexido), previa cita no teléfono 986 810 325 ou no correo electrónico [urb.planeamento@vigo.org](mailto:urb.planeamento@vigo.org). O escrito permite o acceso e consulta do expediente, sen obtención de copias, no resulta correcto expresar que non se lle ten permitido acceso ao expediente.

No trámite de información pública da aprobación inicial do proxecto de Normalización solicitou mediante doc 23007881 de data 29/03/2023 copia de determinados documentos do proxecto de Normalización e no doc 230081185 de data 31/03/2023, é dicir dous días máis tarde de solicitalo, alega que segue sen dispor da documentación solicitada. O 24/04/2023 se lle comunicou a ligazón para consulta e descarga da documentación solicitada.

Desestimase a alegación.

III) A modificación puntual do Barrio do Cura introduce determinacións "ad hoc" en Suelo Urbano Consolidado co fin de xustificar unha actuación expropiatoria.

A Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrio do Cura, foi aprobada definitivamente no cabe consideracións ou alegacións sobre sus determinacións.

Arbitrariedade na delimitación dos ambitos de Normalización, deixando unhas parcelas para unha futura delimitación, similares á propiedade que representa. E que a lexislación obriga a execución por polígonos completos.



## Concello de Vigo

*A xustificación da delimitación do ámbito está indicada no apartado 1.4 do Proxecto de Normalización, e ven dada pola ordenación detallada contida na Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrio do Cura, nesta zona de Solo Urbano Consolidado, planteanse tres edificios, dos deles correspondense cos ámbitos delimitados e o outro pode funcionar de xeito independente, tamen as dúas zonas son nas que a promotora e casi propietaria da totalidade das parcelas. O artigo 280.3 do RLSG permite coller cuarteiróns completas, parte delas o ámbitos equivalentes, podendo afectar a edificacións existentes. No informe técnico municipal para a aceptación da delimitación sinalábase que Na documentación achegada demostrase que non se produce a diminución dos aproveitamentos otorgados polo planeamento tanto nos ámbito delimitados neste proxecto como o que queda para una normalización posterior, polo que os ámbitos se poden desenvolver dunha maneira independente. A referencia que se fai na alegación a polígonos completos refírese a ámbitos de Solo Urbano No Consolidado onde hai distribución de beneficios e cargas.*

*IV) A edificación de Santa Marta n.º 10 non está fora de ordenación, nin precisa adaptar su configuración física á ordenación o único incumprimento é o da parcela mínima establecida na Ordenanza BC-R02 no que se exige que podan acoller unha vivenda normativizada e podan resolver o acceso e reserva das prazas de garaxe que lle correspondan por razón de uso. Ningunha das parcelas do SUC do Casco Vello cumpre dita condición. A insuficiencia dos dereitos aportados resólvense cunha compensación económica como unha expropiación encuberta e como se un proxecto de equidistribución se tratase.*

*O artigo 20.c da LSG obriga aos propietarios de Solo Urbano Consolidado a regularización da parcela para adaptala as esixencias do planeamento vixente que é a Modificación Puntual do PXOU 93 e do PEPRI Casco Vello, no ámbito do Barrio do Cura.*

*En canto a expropiación encuberta, en xeral, cal quera proceso no que non se comparta as determinacións do planeamento, nin o proceso de regularización en solo urbano consolidado, nin o proceso de equidistribución de beneficios e cargas no solo urbano no consolidado acaba como último recurso na expropiación forzosa, porque por encima dos intereses particulares está o interese público e xeral do planemento.*

*O proxecto de equidistribución é propio dos solos urbanos no consolidados onde existen operacións de distribución de beneficios (edificabilidade) e cargas (xestión, cesións de aproveitamento, gastos de urbanización) no sendo o caso xa que non se producen diminución dos aproveitamentos, nin cesión dunha parte de estos ao Concello.*

*V) Conta de compensacións económicas. Descoñécense os Anexos cos Informes de Valoración, nin as testemuñas de mercado utilizados. Chámalle a atención o importe da valoración da parcela n.º 14 municipal. Fala de risco de nulidade do Convenio de execución de planeamento da promotora co Concello de Vigo establece condicións mais gravosas que as que proceden legalmente, en perxucio dos propietarios afectados.*

*A documentación completa facilitouse nun enlace para consulta e descarga, a documentación tamén está na páxina web do Concello, que aínda a día de hoxe pode consultarse. Non pode alegar descoñecemento xa que o enlace facilitado incluía dita documentación, como o demostra que outros interesados fixesen alegacións ás valoracións e incluso aportaran informes periciais contraditorios.*

*A valoración da parcela municipal P-14 segue o mesmo procedemento de cálculo que o resto, coa diferenza do cumprimento da estipulación segunda do Convenio de execución de planeamento.*

*O Convenio forma parte da MP definitivamente aprobada, seguiu o procedemento fixado na lexislación,.....non impón condicións mais gravosas para os afectados, a dedución dos custes de urbanización atópase na lexislación estatal de valoración.*

*VI) O proxecto de Normalización parte de una disposición nula de pleno dereito como é a Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito do Barrio do Cura, xa que foi aprobada en fraude de execución de sentenza.*

*A Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito do Barrio do Cura é o resultado da anulación do PXOM do 2008 que lle daba cobertura.*

*Urbanisticamente a MP delimita un ámbito no previsto no PGOU de 1993, categoriza o solo urbano, non se xustifica o cumprimento dos estándares para sistemas locais.*

*O ámbito da Modificación Puntual corresponde exactamente co delimitado no PXOM do 2008*

*En canto a categorización do solo urbano, o PGOU de 1993 non distinguía non era unha obrigación legal. A primeira lei galega que estableceu a categorización do solo urbano foi a lei 9/2002 de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, xa derogada, mas continua na vixente lei 2/2016 do Solo de Galicia, a Modificación puntual tramitada tivo que adaptarse a lexislación vixente.*

*En canto ao cumprimento dos estándares, do artigo 42 da LSG, na Memoria Xustificativa da Modificación Puntual xustificouse a reserva de mínima de sistemas locais e vivenda protexida, sen as cales non tiña obtido a Aprobación Definitiva.*

*Solicita: excluir o inmovible de Santa Marta nº 10 da Normalización ao non precisar operacións de adaptación de configuración. Expedir copia dos documentos contidos na alegación segunda.*

*A primeira súplica non pode ser tida en conta xa que a mesma propietaria recoñece o incumprimento das condicións de parcela mínima da Normativa.*

*A segunda súplica non pode considerarse unha alegación en se mesma, no obstante o anterior, con data 10/05/2023 e en contestación ao seu escrito, comunícaselle que as copias solicitadas fóronlle remitidas mediante ligazón contida na notificación enviada dende esta Xerencia municipal de Urbanismo, asinada dixitalmente en data do 20.04.2023, co número de saída 4405-2023, e que consta recibida por Vd., na sede electrónica da XMU, na mesma data.*

*Estímase parcialmente a alegación no sentido do informe.*

*É todo o que teño a ben informar, co alcance indicado, respecto das alegacións que figuran recibidas no período de información pública e notificación individualizada, no presente expediente. (...).*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I. Normativa examinada

– TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),





## Concello de Vigo

- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- PEPRI do Casco Vello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 12.04.2007,DOG núm. 108 do 06.06.2007; BOP núm. 96 do 18.05.2007; A súa normativa foi integramente publicada no BOP núm. 96 do 18.05.2007.
- A Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello con data 23.07.2021 DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021.
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### II.- Obxecto da normalización de predios

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia dos obxectivos do presente proxecto de normalización, e que se reflicten na Memoria Xustificativa do proxecto achegado aos efectos da súa aprobación definitiva, que dun xeito xeral non é outro que, non son outros que, dotar ao ámbito do Barrio del Cura dunha apropiada ordenación urbanística e garantir a súa execución, dotando do debido marco de seguridade xurídica a todo o dito proceso de transformación urbanística.

A totalidade do solo do ámbito do Barrio do Cura se atopa clasificado como solo urbano, delimitando no seu interior unha área de reparto, nomeada AR I-01, que comprende todo o solo urbano non consolidado, e o resto do ámbito que da fronte ás rúas Santa Marta, Llorente e Pi e Margall- Paseo de Alfonso, se ordena como solo urbano consolidado, Ordenanzas BC-R 01 e BC- R02.



De conformidade coa Memoria Xustificativa da Modificación Puntual, entre os obxectivos específicos figura a posibilidade de mellorar a comunicación e mobilidade transversal, entre o eixe de Paseo Alfonso XII- Pi e Margall e as zonas máis baixas da entorna da actuación, prevendo a tal obxecto:

- A conexión peonil entre o Paseo de Alfonso XII e a zona da ribeira, así como entre as rúas Santa Marta e Poboadores, facilitando a mobilidade vertical coa axuda de medios mecánicos
- A mellora da mobilidade rodada coa ampliación do viario de conexión entre o eixe do Pase de Alfonso XII- Pi y Margall e a rúa Torrecedeira (rúas Llorente e Santa Marta)

### III.- Formulación e procedemento de tramitación

A vixente Lei do solo de Galicia- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, adica o artigo 110 a regulación da “Normalización de predios”, establecendo que, cando for necesario adaptar a configuración física das parcelas en solo urbano consolidado ou en solo de núcleo rural, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios, sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

Pola súa banda, nos artigos 280, 281, e 282 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, pautase o obxecto, contido e procedemento de aprobación do proxecto de normalización de predios; Establecendo o artigo 280 que, o procedemento poderá iniciarse en calquera momento de oficio ou a instancia da parte interesada, - tal e como acontece no presente expediente- polo que, con carácter previo, será necesario obter a aceptación municipal do ámbito de normalización proposto, se o mesmo non se contivera no planeamento coa ordenación



## Concello de Vigo

detallada, aceptación que se produzo mediante acordo adoptado polo Consello desta XMU con data do 07 de xuño de 2022, do xeito e co resultado que se indicou nos antecedentes de feitos.

Respecto ao contido do proxecto de normalización estarase ao disposto, no artigo 281 do RLSG, que deberá incluír a seguinte documentación : Memoria xustificativa; relación de propietarios e interesados afectados debidamente xustificada; descrición das parcelas afectadas co contido esixido para a equidistribución, nos números 3 e 4 do artigo 251; conta de compensacións económicas cando proceda; plano parcelario de información; plano parcelario de información; plano que conteña a delimitación exacta do ámbito e plano dos predios normalizados; Revisado o seu contido, os que subscriben conclúen que, o proxecto está completo aos efectos de proceder a súa aprobación definitiva.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, e a teor do pautado no artigo 282 do RLSG, o órgano municipal competente aprobou inicialmente o proxecto e o someteu ao preceptivo trámite de información pública así como a notificación individualizada a todos os propietarios do ámbito, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos, polo que procede neste intre que polo órgano competente do Concello de Vigo, se adopte o acordo de aprobación definitiva

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecto o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

### IV.- Estudo das alegación achegadas

Consta como se ten significado no relato de feitos incorporado ao expediente, informe asinado en data 18.05.2023 respecto ás alegacións achegadas no preceptivo período de información pública do acordo de aprobación inicial, no que se fai constar que se tivo en conta o informe ás alegacións elaborado polos técnicos redactores do proxecto que nos ocupa, - que se incorporará como Anexo á presente proposta de aprobación definitiva;

Pola súa banda e no que atinxe ás cuestións xurídicas que revisten os ditos escritos de alegacións presentados, tralo seu estudo pola xurídica que asina a presente, fanse propias as xustificacións, fundamentos e as propostas dos técnicos redactores do presente proxecto.

Deste xeito, o documento presentado de cara a súa aprobación definitiva incorpora certas modificacións como resultado da proposta de estimación e parcial estimación dalgunhas das alegacións recibidas, ademais de certos axustes menores derivados do seu estudo.

Estas modificacións son coherentes coa análise e proposta realizada no informe técnico de contestación de alegacións. Con todo, as modificacións operadas a respecto do instrumento inicialmente aprobado non supoñen cambios substanciais a respecto da proposta de ordenación contida naquel.

### V.- Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

## ACORDO

Primeiro: Estimar, estimar parcialmente e desestimar os escritos de alegacións presentados logo da aprobación inicial do "Proxecto de Normalización de predios do Solo Urbano Consolidado BC-R01 e BC-R02 do Barrio do Cura", e que se relacionan no certificado do Secretario da XMU de data 18.05.2023, de acordo cos fundamentos expostos no informe de contestación de alegacións emitido pola arquitecta xefa de desenvolvemento urbanístico, no sentido expresado neste, e consonte as xustificacións, fundamentos e propostas aportadas polos técnicos redactores, que se incorporan como Anexo á presente, nos termos invocados.

Segundo: Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao documento nomeado "Proxecto de Normalización de predios do solo urbano consolidado BC R02 e BC R01" da Modificación puntal do PXOU de 1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura", promovido pola entidade Barrio do Cura,SL, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 12 e 15 de maio de 2023, respectivamente ( Cod. Sol.- W908869-3925;W909633-3922 e Doc. 230138579; 230139599-), documento refundido redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández (colexiada nº 2942 ICA Vigo) e o arquitecto Cesar Álvarez Arines (colexiado nº 2295 COA Galicia).

Terceiro: Proceder á notificación do presente acordo, aos alegantes e a todas as persoas interesadas no presente procedemento, co ofrecemento dos recursos que correspondan interpor consonte a dereito, así como á publicación íntegra do proxecto definitivamente aprobado na sede electrónica do Concello de Vigo.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 23/05/2023.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(391).- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRAVACIÓN E PRODUCCIÓN SESIÓNS PLENARIAS E SUBMINISTRO DE SOFTWARE. EXPTE. 19054/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/05/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, o xefe do Servizo de Admón. Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.





## Concello de Vigo

- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto (artigo 156 da Lei 9/2017) do servizo de gravación e produción sesión plenarias e subministro de software expediente. Exp.: 19054-101 .*

*Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e mais pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, con data 26 de abril de 2023.*

*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 26 de abril de 2023*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación 139.748,64 euros, sendo a parte fixa: 115.500,24 euros e a parte variable: 24.248,40 euros . O ive a soportar pola Administración é 24.253,90 euros, sendo o ive da parte fixa 20.045,50 euros e o ive da parte variable 4.208,40 euros*

*O importe da licitación podería tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes aos orzamentos de Alcaldía e mais de Administración Electrónica correspondente ou a suas bolsas de vinculación: Para a prestación do subministro 9207 6260000 e 9120 2090000; e para prestación do servizo: 9120 2279910.*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

**II.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Rectificar o punto 5º do acordo de contratación por procedemento aberto para o servizo de gravación e produción de sesións plenarias e subministro de software, adoptado o 11 de maio de 2023 (expediente 19054-101):*

*Onde di: Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Debe dicir: Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto.*

**III.-** Con posterioridade a antedita aprobación, detectouse un erro no Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/04/2023, polo que se procede á modificación do mesmo segundo ó seguinte detalle:

No punto 4.2 parágrafo 3:

Onde dicía: A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio español e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III).

Debe dicir: A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio da Unión Europea e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos**

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro no punto 4.2 parágrafo 3 do prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/04/2023 da “contratación por procedemento aberto para o servizo de gravación e produción de sesións plenarias e subministro de software” (expediente 19054-101)” aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 11 de maio de 2023 e posterior corrección de erros de data 15 de maio de 2023.

**-II-**

### **Competencia**

A competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

**ACORDO**



## Concello de Vigo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o punto 4.2 parágrafo 3 do prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/04/2023 da “contratación por procedemento aberto para o servizo de gravación e produción de sesións plenarias e subministro de software” (expediente 19054-101)” aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 11 de maio de 2023 e posterior corrección de erros de data 15 de maio de 2023, polo que se procede á modificación do mesmo segundo ó seguinte detalle:

No punto 4.2 parágrafo 3:

Onde dicía:

A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio español e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III).

Debe dicir:

A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio da Unión Europea e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(392).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez